

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/9	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo de convocatoria:

Ordinaria

Data:

28 de agosto de 2025

Duración:

Desde as 20:32 ata as 23:04 horas

Lugar:

Salón de plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SI
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SI
***9999**	Iván Lorenzo Rodríguez	SI
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SI
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SI
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SI
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SI
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SI
***1083**	Salustiano Guerra García	SI
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SI
***7850**	Selene González Luis	SI
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SI
***7909**	Óscar Domínguez Sequeiros	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do día.

Sra. Alcaldesa: Antes de comezar a sesión gustárame darlle a palabra ao compañeiro Alex, concelleiro de Tráfico, porque nos gustaría gardar un minuto de silencio por un compañeiro policía local, non deste Concello, pero que faleceu en acto de servizo, e queremos gardar ese minuto de silencio e el vai argumentar o porqué dese minuto.

Sr. Rodríguez Canosa: Propomos, nesta sesión do Pleno da Corporación, a realización de 1 minuto de silencio pola lembranza de Eusebio Cuesta Vázquez, axente da Policía Local de Monforte de Lemos, que faleceu o pasado sábado nun fatal accidente en acto de servizo. A realización deste minuto de silencio, ademais xorde da iniciativa do noso oficial-xefe da Policía Local. O axente falecido tiña unha vinculación con Salceda, xa que foi compañeiro do oficial-xefe cando este se atopaba en comisión de servizo en Monforte de Lemos e foi tamén compañeiro na Academia Galega de Seguridade doutro dos nosos axentes. Gárdase 1 minuto de silencio.

Sra. Alcaldesa: Samuel, que está hoxe aquí presente en representación da nosa Policía Local, eu quero agradecerche no nome de todos os que formamos a Corporación, non só a ti senón ao resto dos compañeiros, o servizo e o labor que facedes diariamente, moitas veces pouco recoñecido, pouco agradecido, no nome de todos grazas, grazas a ti e grazas ao resto do cadro de persoal que forma a Policía Local polo servizo que facedes aos veciños e veciñas de Salceda, grazas.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Acta Pleno sesión número 6/2025, extraordinaria do 25 de maio

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2025/6 extraordinaria do 25 de maio enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2025/6, extraordinaria do 25 de maio; **sendo aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE concelleiros/as asistentes a presente sesión.**

Expediente 938/2025. Aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2025

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0



Sra. Alcaldesa: Como coñecedes todos os aquí presentes, esta é a segunda vez que se trae nos asuntos da convocatoria a aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2025, a primeira foi rexeitada polos grupos da oposición, a segunda ocasión na que se trouxo este documento decidín retiralo, como presidenta, da Orde do día posto que despois da ausencia da representación do Partido Socialista incorporouse a esta sesión plenaria un novo compañeiro, Óscar (necesitaba tempo para estudar un documento técnico como este, e así foi, concedeuse o tempo suficiente, non só para que o estudara senón para que o proceso de negociacións entre o grupo de goberno e o grupo de esquerdas que forma a oposición seguisse coas negociacións para chegar a ese punto de encontro). Xa se debateu, é o mesmo documento non muda. Polo tanto, en lugar de dar 10 minutos como se dá habitualmente por asuntos económicos, darei 5 minutos de quenda a cada un dos portavoces.

Sr. Núñez Troncoso: O regulamento dio ben claro, non especifica que se veu unha vez, dúas ou tres, di que o debate dos orzamentos son 10 minutos. Pídlle que cumpra co regulamento. Repito: non especifica que se veu unha vez ao Pleno, dúas, tres ou catro, pon claramente que o debate sobre os orzamentos son 10 minutos.

Sra. Alcaldesa: O punto está debatido, hai moitos puntos na Orde do día, o documento non muda, polo tanto eu non entendo, como presidenta, que sexan necesarios 10 minutos. Pero é que eu non teño, ademais, ningún problema. Se necesita os 10 minutos, ocupe os 10 minutos.

Sr. Rodríguez Canosa: Como ben dixo a alcaldesa, este documento xa foi debatido no Pleno ordinario do mes de xuño, que se celebrou o 3 de xullo de 2025, e tamén estaba previsto o seu debate, que se retirou, no Pleno do 31 de xullo de 2025. Xa está debatido, xa expuxen aquí a liñas xerais deste orzamento, pero creo que é importante repetilas para que todos e todas saibamos da importancia deste documento. Un documento que alcanza os 7.500.000 € e que está centrado sobre todo, e os grandes aumentos están, no social e no medio ambiente. En primeiro lugar, coma sempre, gústame agradecer o traballo elaborado polo departamento de Intervención, xa o dixen varias veces e ata que non estás aquí dentro e o ves día a día, non te dás de conta do gran traballo que custa levar adiante este documento. Nós miramos táboas, números, cifras e non nos facemos a idea das horas e horas que custa levar isto adiante, polo tanto un gran traballo do departamento de Intervención.

Como dicía, trátase dun orzamento que incide no social. Un orzamento que, na partida de benestar social, aumenta un 30 % e chega ata 1.432.000 €, case un millón e medio de euros que imos dedicar ao social. Nesa gran partida do social a subida máis importante é ao Servizo de Atención no Fogar que, por desgraza, nas últimas semanas estivo tan á orde do día e sube ata os 734.259 €. Un aumento do 27 % para poder dar e facer esa nova licitación e prorrogar o servizo. O resto do diñeiro vaixe en novos servizos que queremos crear e que cremos que van beneficiar a toda a cidadanía: a Aula 21, campamentos gratuítos (que xa empezaron a realizar), a colaboración coa aula de ensino da Revolta ou tamén o servizo a atención psicolóxica de tanta importancia (que moitas veces non lle damos e tanto ten a saúde mental). Outra subida importante, que ao final redundará no día a día e nos servizos da veciñanza é o capítulo 1, que é o capítulo de persoal. O capítulo 1 que pasa de 1.900.000 € a 2.400.000 €, case a dous millóns e medio de euros que o Concello de Salceda gasta en persoal, outro aumento tamén do 30 %, que, ademais de aumentar o que marcan as táboas salariais,



incluímos novos postos na listaxe de persoal laboral: como a técnica de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ou tamén a oferta de emprego público que vamos lanzar, na que se procura cubrir postos vacantes como a de técnico de Administración xeral ou a conserxería do pavillón, ademais doutras prazas vacantes que a idea é ir sacando pouco a pouco ao longo dos seguintes anos, evidentemente estas prazas hai que dotalas orzamentariamente, polo tanto, de aí que aumente o capítulo 1. Un orzamento que tamén se centra nos investimentos, investimentos importantes, que podedes ver no anexo, e que, ao final, o protagonismo o leva o saneamento de Entenza, que nas vindeiras semanas, por sorte, vamos a poder arrancar, dotado con 875.000 €; 3ª fase da praza de abastos tamén con 130.000 €; cambio de céspede no Penedo Redondo, 240.000 €; ou a adquisición do solar da Devesa con 82.000 €, ademais de demandas sociais e demandas da veciñanza como é a pavimentación e mellora da contorna do IES Pedras Rubias con 60.000 €. Ademais, tamén, de facerlle caso á infancia e á mocidade e dotar esas peticións que nos fan, pois coa reforma do parque infantil Raíña Aragonta, incluimos tamén, á parte destas execucións, proxectos de futuro: a redacción do proxecto da apertura da nova rúa entre a rúa Brasil e praza do Concello ou a rehabilitación do edificio da Cámara Agraria.

Tamén incidimos no eido social e no eido dos colectivos, no tecido asociativo. Así, facemos unha reorganización das distintas subvencións nominativas e aumentamos diferentes entidades, que nos últimos anos viñan demandando e ao final o seu traballo e o traballo que fan en beneficio deportivo e en beneficio da cultura así o demandan e así o merecen. Deste xeito os entroidos da Feira e do Castro Barreiro contarán cunha suba de 1.000 € cada un, e tamén no eido deportivo, o Club Baloncesto Caselas e o Club Balonmán Caselas recibiran un aumento de 1.000 €, así, incluimos un novo colectivo para recibir unha subvención nominativa, como é o Club Bádminton Caselas, que tamén contará cunha achega municipal de 1.000 €. Á parte disto, tamén unha partida que incluimos, que é o proxecto Estela, que é para aumentar ese espazo cardioprotexido co que xa contamos no Concello de Salceda, xa contamos con 7 desfibriladores, pero achegarnos a todas as parroquias e alcanzar canta máis xente protexida e cardiorotexida mellor, ao final son cartos que, se conseguimos salvar unha vida, sempre van ser moi baratos.

Un Orzamento importante, o máis alto da historia de Salceda, e que ademais conta con todos os anexos, con toda a documentación, que podes consultar, e que seguramente consultastes; conta con informes favorables e, o máis importante, un orzamento sen ningún tipo de subida de impostos. Se tivésemos máis ingresos, tanto de ingresos municipais directos, indirectos, como ao final a financiación do Estado que sempre non chega a nada ou a financiación da Xunta de Galicia, todos poderíamos realizar maiores investimentos, maiores servizos e ao final beneficiar un pouco máis a toda a veciñanza de Salceda.

Sr. Núñez Troncoso: Estamos cun punto que, despois do teatriño da alcaldesa no último Pleno, traemos aquí de novo, a primeira vez xa veu no Pleno do 3 de xullo. Que mudou desde hai 56 días para acá?. Pois nada, nada de nada. Si, unicamente que a presenza dos dous representantes do Partido Socialista que non viñeron naquel Pleno, o único. Porque os mesmos erros se manteñen, se seguen mantendo, na proposta de Alcaldía se fai mención a un informe de Intervención que nada ten que ver con este orzamento, pois segue manténdose. A alcaldesa segue enganando, e digo que segue enganando porque xa se lle dixo naquel Pleno, onde segue insistindo, e así está recollido na memoria, que o 9 % que achega o Concello ao



capítulo de Investimentos é superior ao 91 % do que achegan o resto das administracións, chámese Deputación, chámese Comunidade Autónoma, chámese Administración central, pois erre que erre, segue mantendo o mesmo. Iso si que é engano Alcaldesa, pode entender que podería ser un erro, pero segue mantendo na memoria que o 9 % é superior ao 91. Segue mantendo o castigo ao Caselas por ascender, minóralle a subvención de 18.000 € a 15.000 €, segue mantendo a minoración da subvención ás escolas deportivas, lembremos que as escolas deportivas manexan aproximadamente 400 veciños/veciñas na súa maior parte menos e nenas, e é curioso como ben recoñeceu ou manifestou a alcaldesa, agora dirán o grupos Partido Socialista e BNG se é certo ou non, que esta redución tanto ao Caselas como as escolas deportivas foi consensuada co visto bo destes dous grupos.

Nada se fala das 14 prazas vacantes, nada, si, salvo a do *dedazo*, a do *dedazo* mantense, unha praza de conserxe que deu a dedo a señora Alcaldesa sen darlle participación ao resto dos veciños e veciñas de Salceda para que puidera optar a esa praza. Seguimos tendo o nivel de privatización nunca tan alto como ata agora, xamais houbo este nivel de privatización dos servizos do noso Concello. Seguimos sen ter resposta ás indemnizacións que hai que pagarlle aos traballadores do noso Concello por sentenzas que gañaron, xa o dixemos no dito Pleno que se desagregase no capítulo 1 de gasto de persoal canto eran as indemnizacións que hai que abonarlle a estes traballadores. Nada se contempla do estado da débeda, o que hai que devolver do préstamo a provedores, que vostedes formalizaron no 2023 a unha media de 352.000 € anuais a partir do ano 2028; non hai ningunha planificación respecto a como como se vai facer fronte a esa devolución de préstamo.

No anexo de Investimentos, nos investimentos seguimos sen falta de previsión e menos aínda en planificación de investimentos bianuais ou trianuais; séguese traballando a base de ocorrencias. Nada se contempla dun Plan xeral, nada se contempla da circunvalación que se aprobou neste Pleno unanimemente, circunvalación para darlle un mellor servizo aos veciños da Feira, do Barreiro e A Picoña. Nada se contempla do acceso ao CRA Raíña Aragonta; da creación de chan industrial nada se contempla; investimentos para o novo pavillón, nada se contempla. Polo tanto, señora Alcaldesa, non pretenderá que lle deamos o apoio a estes orzamentos. E quería aproveitar para dar resposta a varias manifestacións que se dixeron aquí no dito Pleno, en concreto dicía o señor Alejandro: da magnífica xestión que fixeron por obter 1.400.000 € de subvención no capítulo de Inversión. Como ben dixo a señora Alcaldesa e tamén o señor Salustiano e o sabemos todos, esas subvencións na súa maior parte veñen dadas porque xa nos corresponden, aos veciños de Salceda xa lles corresponden esas subvencións. É certo que hai outra tipo de subvencións, chámese da Deputación, chámese Goberno central, chámese Comunidade autónoma, que os gobernos de cada momento quitan unha liña de subvencións á que optan todos os Concellos que cumpran os requisitos, presentan a documentación e en función a puntuación obteñen subvención ou non; pero na maior parte eses cartos veñen dados, polo tanto, señor concelleiro, se se quere botar flores por nós non hai impedimento, bótese as flores que vostede queira. Que sería unha boa xestión, que é o que non está a ocorrer agora mesmo aquí neste Concello?

Como dicía antes, o nivel de privatización do servizos, o máis alto xamais visto. Uso da maquinaria do Concello por empresas externas. Contratación: adxudicación a dedo, nin cumprindo o pacto de investidura co Partido Socialista e o BNG, onde recollían iso, pois segue a señora Alcaldesa, señores do Partido Socialista e BNG, *ninguneándoos* e vostedes o



permiten. Tamén o recollen diversos informes de Intervención sobre o fraccionamento do contrato, iso tamén sería unha boa xestión, señor concelleiro de área. Este documento, Orzamentos do 25, estamos a finais de agosto do 25, no mellor dos casos, se o aproban, entrará efectivo a partir do 1 de novembro, dous meses. Deberíamos estar falando do 26 e aínda estamos falando do 25, esa tamén sería unha boa xestión. Ou, que dicir das facturas que deixaron sen pagar? Partíamos de “cero” como ben dixemos naquel Pleno desde febreiro do 23 e estamos a agosto do 25, dous anos e medio máis tarde, e resulta que xa deixaron vostedes sen pagar máis de 1.250.000 €.

Dicía tamén, señor Salustiano, nese Pleno: no reparto dirixido aos Concellos xa se encarga o Partido Popular de repartilos ao seu xeito. Pois mire, como xa o leva dito varias veces, vámoslle responder: nos 45 anos da autonomía, 41 gobernou o Partido Popular, o BNG gobernou 4 en coalición do Partido Socialista. Hai un ano e medio, aproximadamente, houbo eleccións autonómicas e o resultado foi moi claro: un 47 % dos galegos decidiron que gobernase o Partido Popular. Non dirá vostede que a maioría dos galegos son ignorantes, creo que vostede non pensa iso, pero o resultado aí está. E voulle dar un exemplo relacionado con este tema: no nomeamento do señor Zapatero como Presidente do Goberno, o BNG esixiu, entre outras cuestións, investimentos para a praza da Devesa en Salceda e investimentos para a praza do Seixo en Tomiño, curiosamente neses dous concellos daquela gobernaba o BNG, eu xa non dixi que pediran para concellos onde gobernara o Partido Popular, pero nin do PSOE nin ningún outro do partido de esquerdas, vostedes pediron para onde gobernase o BNG. Polo tanto, señor Salustiano, non nos veña vostede con este tipo de milongas porque de verdade que lle queda moi mal. E remato, vostede recoñeceu que a minoración da subvención ao Caselas e ás escolas deportivas foi consensuada cos demais grupos, refírome ao Partido Socialista e ao BNG, dicía vostede que nós non recollemos o borrador destes orzamentos. É certo que non o recollemos, pero mire nós non estamos para darlle ningún titular na súa prensa oficial, nós non estamos para darlle ningún titular, vostede mesma recoñeceu hai un mes neste Pleno, cando debatíamos o tema do saneamento de Entenza, vostede dixo o seguinte: tomará a decisión cos partidos que a nomearon Alcaldesa, para que quería entregarnos o borrador? Para darlle un titular de prensa? Para iso con nós non conte. Acorde vostede os orzamentos e demais puntos que vostede considere, o saneamento de Entenza ou os que vostede queira, vostede mesma ignora a estes seis concelleiros que representamos a un 44 % dos veciños de Salceda, vostede ignóreos, porque iso non ten importancia ningunha.

Sr. Domínguez Sequeiros: En primeiro lugar quería agradecer a boa acollida que me destes o primeiro día, sempre é de agradecer, poñer en valor o traballo que aquí facedes xa que non é fácil e dicir que estou aquí para traballar, mellorar o benestar dos veciños e veciñas de Salceda e niso vou poñer o meu empeño.

Con respecto ao segundo punto do día, dicir que temos varias esixencias e que queremos que cumpran, como, primeiro, un Plan de execución de saneamento de todas as parroquias de Salceda, é dicir, un Plan de saneamento integral do Concello. En segundo lugar, o estudo e execución de varias actuacións nos vieiros como o enlace da Picoña e San Xurxo coa vía rápida no Alto da Forca, a circunvalación, xa dita polo compañeiro, en Santa María coa rotonda no viario no campo de fútbol da Gándara; en terceiro lugar, queremos aprobar aquí en Pleno un mapa de medidas estruturais e axustes económicos, xa postos en marcha na anterior legislatura pola nosa compañeira Verónica. E, por último, realizar as xestións ou esixencias que



sexan necesarias para mellorar o transporte público de viaxeiros de Salceda coa súa área metropolitana. Isto é todo pola nosa parte.

Sr. Guerra García: Grazas, señor Núñez Troncoso, por lembrarse de min. Podo dicirle que eu non participei en absoluto na redacción deste proxecto de orzamentos, por se lle cabe algunha dúbida, hai un señor concelleiro e hai un equipo de goberno que son responsables, por iso o traen a este Pleno.

Os orzamentos que se traen hoxe non son os orzamentos do BNG, os orzamentos do BNG serían bastante máis ambiciosos do que cremos que son. Agora, dito isto, nós nos preguntamos que opcións caben. A opción do Partido Popular que, desde o 2007, levamos 18 anos, cantas veces negociou o Partido Popular uns orzamentos para intentar sacar algo? Non sei cantos orzamentos houbo, eu contei sete. Eu entendo que o Partido Popular non está para normalizar unha negociación de orzamentos porque o Partido Popular quere todo ou nada. É indubidable. O Partido Popular quere a cadeira da presidencia deste salón de plenos e non a ten, pero acaba de dicir vostede que teñen o 44 % e o resto o 56 % é así de simple, os números dan.

Nós sentámonos con moitas dificultades, tamén hai que dicilo, a falar dos orzamentos e a falar de compromisos que a nós nos parecen de moito peso, e eu creo que a vostede tamén debían de parecerlle de moito peso, porque algúns acaba de nomealos. Temos, por unha banda, o proxecto de circunvalación da Feira e do Barreiro e de parte da Picoña, que nos interesa aos veciños de alí, que a señora Presidenta pode informar de como está camiñando ese proxecto. É importante que o diga, aínda que non apareza aquí reflexado especificamente ese propio proxecto. Hai outros compromisos que se están realizando, iso non podemos negalo ninguén, como é o tema de saneamento, creo que temos pasado por aquí proxectos para poder todos afirmar que nese campo se está cumprindo. Pero para nós un dos puntos importantes deste proxecto de orzamentos é o compromiso co persoal.

Aquí, efectivamente, hai un terzo das prazas vacantes de persoal que están sen cubrir que ten un significado moi importante en determinadas áreas nas que o Concello, á parte de ter privatizado o servizo, resulta que paga un servizo esaxeradamente caro porque todo servizo que veña dunha empresa externa paga un IVE e paga unha marxe empresarial. Se vostede, supoño que ten os números da Conta xeral do ano pasado, supoño que xa os miraría, nós detectamos, sendo precavidos, en determinadas materias onde os traballos que se fan son basicamente man de obra (non entran apenas materiais), nós localizamos facturas-gasto por valor de 785.000 €, se a isto lle tiramos o IVE e, sendo inocentes, unha pequena marxe empresarial do 9 %, temos que 181.000 € aquí se poden manter 5 postos de operarios ou operarias a traballar para o Concello, 5 só co que se paga de máis simplemente por ter o servizo externalizado. De aí que, para nós, o peso que poida ter calquera negociación, o tema de persoal para nós neste momento prima sobre outras cousas. Temos un compromiso para o primeiro semestre do 2026 de convocar tres prazas de operario e unha de condutor, xa o señor Concelleiro adiantou algo de persoal, eu cóntolle a vostede e a todos que queiran escoitar, o acordo que hai: primeiro semestre do 2026: tres prazas de operario e un condutor; primeiro trimestre do 2027: tres prazas de operario e unha praza de auxiliar de biblioteca. Son oito prazas, mais dúas que están en marcha, a técnica de Administración xeral e a conserxaría do pavillón, son 10 prazas. O 75 % das prazas que neste momento ten vacantes o Concello. Tal vez



a vostede non lle pareza importante despois de dicilo ben alto o tema da privatización que ten este significado, o tema da falta de cobertura das prazas de persoal, que efectivamente está relacionado coas privatizacións, pero precisamente nós en vez de sentarnos a laíarnos preferimos sacar un acordo regular que quedarnos no cuarto da saúde a dicir que isto non vale. E se isto se cumpre, e nós contamos con iso, vamos ter que no ano 2027 este Concello vai poder afrontar polo cadro de persoal de si mesmo, vai poder afrontar obras/traballos que neste momento lle están custando 785.000 € e, se quitamos o exceso que se paga por esta externalización dos servizos, estamos falando de 5 persoas operarias e ademais cuns salarios dignos. Se a vostede isto non lle parece importante, a nós si. A nós parécenos importante e de aí que, aínda non sendo os nosos orzamentos, nós imos viabilizar que os orzamentos saian adiante cunha abstenção. Nós somos bastante máis ambiciosos que todo isto, agora, de cero a todo hai ás veces puntos intermedios onde se poden achegar solucións que faciliten que isto vaia por un camiño diferente. Nós, en principio, coidamos que este é un cambio, despois de 14-16 anos de determinado tipo de facer as cousas, creo que é unha mudanza importante e esperamos poder dicir dentro de ano e medio, no 27, que as cousas están mellorando.

Respecto do que vostede sacou do señor Zapatero, das esixencias do BNG, o señor Zapatero deixou o goberno en novembro de 2011, vai haber 14 anos que o señor Zapatero desapareceu do goberno. Eu non sei, para atrás, non sei ata onde vai correr vostede. En todo caso, se quere lembrarse e ir para atrás lémbrese dos 41 do Partido Popular na Xunta de Galicia. Así nos vai.

Sr. Rodríguez Canosa: Típico discurso de Joaquín, xa nolo podemos esperar e incluso a segundo intervención, moitas veces, xa pode estar medio feita. Non vou entrar ao fondo pero si que vou a entrar en tres ou catro cousas que non poden deixalas pasar. Sobre todo coas achegas que fan. Os compañeiros xa o dixeron, gustaríame sinceramente que esas achegas as fixeran cando lles propuxemos negociar estes orzamentos e que, como xa dixo vostede, nin sequera recolleron o borrador. Esa é colaboración e o que traballa o PP de Salceda pola veciñanza, un desprezo absoluto pola xente que goberna que ao final é un desprezo absoluto pola veciñanza de Salceda, esas achegas estarían ben feitas nesa época. É curioso algo que dixo e que me alegro de que o recoñeza, vostede recoñeceu que moitas das subvencións doutras administracións públicas xa nos corresponden aos veciños e veciñas de Salceda, supoño que se referirá ao Plan Máis Provincia da Deputación de Pontevedra, ao Plan Extra da Deputación de Pontevedra, Deputación de Pontevedra gobernada polo PP que se atribúe esas inversións e que o PP de Salceda tamén se atribúe esas inversións.

Gustaríame que me aclarase se realmente, como puxeron eses carteis pola parroquia de Entenza dicindo: “A Deputación de Pontevedra inviste no saneamento de Entenza”, que me aclare se xa lle corresponde aos veciños e veciñas de Entenza ou non, ou foi a Deputación do PP a que decidiu investir en Entenza. Todos sabemos que non, que o PP de Salceda o que quería era investir eses cartos no pavillón e non no saneamento. Pero si que me alegro de que vostede recoñeza iso. En canto a xestión de subvencións, xa o falamos neste Pleno, si que se fixo unha boa xestión de subvencións, subvencións convocadas pola Xunta de Galicia, do PP, unha vez máis. A subvención da praza de abastos, xa o comentamos aquí, 11 días tivemos, hoxe a publican e dentro de 11 días comeza a fase de solicitudes. E son solicitudes, non como dixo vostede por concorrencia competitiva, nas que se puntúan os diferentes proxectos; non, son por orde de chegada, o que primeiro chegue leva a subvención. Curiosamente, cando miras quen leva esas subvencións o 80-90 % son concellos gobernados polo PP, supoño que



evidentemente estarán preavisados destas subvencións e teñen estes proxectos preparados e polo tanto poden en 11 días desenvolver un proxecto para poder presentalo. Nós aquí en Salceda se fixo por xestión, por bo traballo, por un traballo de planificación e por ter un proxecto básico e un proxecto global de reforma da praza de abastos. Polo tanto, si, Joaquín, si hai boa xestión por parte do goberno destas subvencións. Do que di do saneamento de Entenza, non terxiverse, non manipule, o que se dixo aquí foi que as melloras do saneamento de Entenza íanse facer con base a criterios técnicos e con base ao menor custo por vivenda e, no caso de que houberse que decidir en determinadas zonas nese mesmo, entón si, falaríase cos distintos grupos; falouse de criterios técnicos sempre, non caciquear como fixo o PP ou como pretendía facer o PP tamén agora no saneamento de Entenza, a un veciño si e a un veciño non; non, este goberno basease nos criterios técnicos e nos criterios das profesionais que traballan nisto. Agradecer as achegas que fixeron durante estes meses tanto o grupo do Partido Socialista como o Grupo mixto e esperemos que desta vez si poidamos sacar estes orzamentos adiante, un documento moi importante para o noso Concello e ao final, en resumo, é beneficioso para a veciñanza de Salceda de Caselas.

Sr. Núñez Troncoso: Señor Alejandro, que diga vostede caciquear... pois mire, vostede mesmo. Decía que nós que non facemos achegas, eu creo que non oíu a señora Alcaldesa o que dixo no último pleno “tomará a decisión cos partidos que a nomearon Alcaldesa”, e creo que está ben claro, que llo aclare ela.

Señor Salustiano, grazas a nós falou 9 minutos senón falaría 5, xa polo menos debería agradecérnolo. Vostede rexeitou os orzamentos, na primeira vez, porque botaba en falta o relatorio de valores, a revisión catastral, non se igualaba Cultura con Deporte, non se contemplaba a redución de gastos protocolarios, publicidade e propaganda, non se contemplaba a convocatoria de prazas vacantes, hai 14, e dicía vostede: “sobre todo nas áreas onde ao non haber persoal funcionariado teñen vostedes”, referíase ao goberno, “estendida unha rede de provedores de tipo clientelar”, isto dicíao vostede. Pero hai que engadir máis, no pacto de investidura, entre outros, vostedes acordaron limitar as contías das contratacións directas en obras a 10.000 € e en subministrados a 5.000 €. Isto non se está cumprindo e vostede sábeo. Acordaron acabar coa privatización dos servizos públicos, isto non está ocorrendo, isto está aumentando. Vostede en máis dunha ocasión dixo que o goberno aplicaba políticas de dereitas e vostede estao apoiando..., en que quedamos? Agora nos vén con que negociou o tema de persoal, se no persoal poderíamos estar de acordo, agora, iso que acordou coa señora Alcaldesa está recollido en algún documento? Porque na memoria non figura, vostede se fía da señora Alcaldesa? Lembre que hai dous anos agora mesmo se aprobou neste Pleno, por petición súa, aprobación unánime, modificar o Regulamento de organización deste Pleno. A día de hoxe estamos esperando, por iso lle digo, teña coidado coas palabras que lle di, se non hai recollido en ningún documento, é un perigo, aquí o teñen recollido nun documento, pero nin iso llo están cumprindo. Polo tanto, non vemos a negociación por ningún lado, se quedara plasmado nun documento, vale, aínda podía ser.

Señor Salustiano, eu creo que vai ter un papelón agora grande, a ver que lle vai dicir vostede á plataforma que vostede dirixe de afectados polo catastrazo, se non contemplan o relatorio de valores, non se contempla un Plan xeral, ou así non está recollido na memoria, algo terá que dicirlle, eu máis ben creo que vostede o que está facendo é unha cortina de fumo para non negociar con este grupo e darlle un cambio de rumbo a este Concello; creo que é unha



cortina de fumo, alá vostede, este grupo o que ten claro é que primeiro son os veciños, segundo son os veciños, terceiros os veciños e o resto o partido, vostedes ao revés, primeiro o partido, segundo o partido e terceiro o partido e o resto os veciños, é evidente.

Na mesma liña o Partido Socialista, despois dos últimos acontecementos a verdade é que a súa credibilidade está baixo mínimos. Eu diría que en menos 3, ou en menos 4 catro ou máis. E recórdolle tamén o pacto de investidura, que non lle recolle ningún, agora lles publicaron unha nota de prensa onde, entre outros, poñen unhas liñas vermellas, onde piden que “El PSOE de Salceda exige un estudio de actuaciones viarias prioritarias incluyendo el enlace de Picoña y San Xurxo con la vía rápida y la circunvalación entre Picoña, Santa María y el Casco Urbano”. Isto en que documento está recollido? Igual que llo dicía antes ao señor Salustiano. Teñen algún documento firmado onde se está traballando nisto? Teñen algo? E despois continúa “también piden la presentación antes de finalizar el año de un ‘mapa’ de medidas estructurales y económicas para el Ayuntamiento”. Isto que é realmente? Subida de impostos? Baixada de impostos? Que é? A ver se nolo poden aclarar.

Para os dous, Partido Socialista e BNG, nin fan nin deixan facer. Insisto, vexan polos veciños e deixan a ideoloxía, partidos, as instrucións de arriba, que aquí somos 9.400 veciños, señores do partido Socialista e do BNG.

Sr. Domínguez Sequeiros: Dicir que nós vamos a dar un voto de confianza, sempre que se cumpran esas liñas vermellas das que falamos para apoiar isto.

Sr. Guerra García: Mire, señor Núñez Troncoso, quizais non leu todas as partidas pero hai unha redución de protocolo e propaganda, pode non ser a que vostede queira, a que a nós nos gustaría, pero hai unha redución. O feito de que aquí non se fale da cuestión do relatorio de valores non quere dicir que aquí non houbera reunións para tratar esa situación, outra cousa é que se o Partido Popular se desmarca de calquera cousa non pinta nada nunha reunión dese tipo. Iso é lóxico. Pero si houbo reunións con xente dunha empresa que traballa para catastro e estamos nesa situación, en todo caso do que vaia habendo seguramente xa lle daremos cumprida información para que estea ao tanto. E o relatorio de valores non ten nada que ver coa situación que vive ou o que esixe a xente que esta na plataforma anticatastro, son cousas diferentes, non confunda o touciño coa velocidade. Vostedes son anti-ideoloxía, a verdade non acabo de entender. Vostedes reclaman dos demais que non teñamos ideas, que non teñamos ideoloxía, debe ser para acoplarnos a vostedes, non lle vexo outra intención; porque vostedes cando falan de xenerosidade, vostedes son xenerosos coa cidadanía, coa veciñanza de Salceda, os demais non, os demais pensamos cada un no seu grupo. Eu, indubidablemente, veño aquí a defender as posicións ideolóxicas que o BNG ten, non as do Partido Popular, e ás veces podemos atopar algún veciño que pense que non somos xenerosos coas súas ideas porque seguramente estamos máis próximos a vostedes que a nós, e que lle imos facer, pero a xenerosidade do PP pasa exclusivamente por ver se consegue a cadeira da presidencia desta sala e non está neste momento, señor Núñez Troncoso, e que lle vamos facer? Terá que esperar ao 2027, a ver se ese 44-56 lle dá a volta senón non o teñen fácil, entende?

Sr. Núñez Troncoso: Señor Salustiano, redución de protocolo, iso tamén pasou no 2022; pero sabe cantas facturas deixaron sen pagar e despois houbo que recoñecer? Se vostede ten en conta iso, de redución nada de nada, e aquí levamos o mesmo camiño, ou sexa que iso non



cola. Xa sabemos que o tema do catastrazo non ten nada que ver co relatorio de valores – revisión catastral, pero o Plan xeral si. Houbo algún movemento a ese respecto? Nós, polo menos, non temos coñecemento a ese respecto, vostede igual si, igual ten información privilexiada e igual ten algún dato, nós non o temos. Ideoloxía? Aquí ninguén falou de ideoloxía, eu o que lle dixen foi que prioricen os veciños antes ca o partido, que non siga instrucións de partido, aquí non estamos falando dun goberno a nivel nacional nin nada polo estilo, estamos nun goberno dun concello de 9.400 habitantes e nós máis dunha vez xa lle dixemos certas obras e servizos que son necesarios que seguramente vostede estaría de acordo con nós. Pois iso é o que hai que traballar, aquí ninguén está dicindo de ideoloxía, eu respecto a súa ideoloxía como vostede debería respectar a miña, pero a miña ideoloxía basicamente é o sentido común e a lóxica, a miña, non a ideoloxía de partido, eu son representante, e os meus compañeiros tamén, dos veciños de Salceda e buscamos priorizar.

En canto á Alcaldía, nós temos dereito a reclamala, é unha das opcións que permite a lei, o partido máis votado, vostede non, pero nós si, somos o partido máis votado e a maioría dos veciños decidiron quen tiña que ocupar a alcaldía. Que a lei permite outras formas? Si, ninguén di o contrario, pero a maioría dos veciños decidiron que a Alcaldía a ocupara o Partido Popular e temos dereito. Como que non temos dereito a reclamala? Claro que temos dereito. Vostedes non, vostedes é un pacto de perdedores, que a lei o permite, de acordo, a lei permíteo, ninguén di o contrario, e nós temos todo o dereito do mundo a reclamar que tamén é outra opción que permite a Lei electoral.

Sra. Alcaldesa: Non vou deixar que queden no aire certas afirmacións da primeira intervención de Joaquín, porque el como sempre solta entre 10 minutos de discurso é difícil atacar a todas as fronteas e tratar de deixar claras algunhas mentiras que espalla el. Primeiro, a praza de Conserxería, levan falado disto ata nos medios de comunicación e en prensa. Se é un proceso ilegal que non cumpre a lei, por favor, denúncienlo; pero saben que non é así, que é un procedemento totalmente lícito, que cumpre a lei e ademais están ignorando o máis importante. Só co obxectivo de facer dano ao goberno o que non pensan é que era unha demanda dos colectivos sociais ter esa praza de conserxería. O máis importante que é a defensa dos intereses da veciñanza, óbviano, só atacan dicindo que incumprimos. Para nada. Anímoos a denunciálo onde teñen que denunciálo.

Nivel alto de privatización deste goberno, e que escoitar isto ao Partido Popular é tremendo, non só ten unha tremenda habilidade en acoplarlle aos gobernos dos concellos que pouca financiación teñen para asumir o que teñen día a día aplicándolle competencias que non sos as propias, que aínda por riba vostedes teñen a ousadía de dicir que nós privatizamos, que diga iso o PP é moi ridículo.

PXOM, lémbrolles de novo quen votou en contra dun documento que podía estar hoxe en vigor e que tivo unhas responsabilidades tremendas para esta vila, non? Partido Popular.

Creo sinceramente que vostedes non deberían ter oportunidade nin de falar deste documento porque tiveron a ousadía de non vir a recoller o borrador, iso non creo que dea para un titular de prensa, Joaquín, non se escuse niso. Vostede non ten máis argumentos que eses. Representando a veciñanza tería vir e a aportar, non veña aquí dar leccións de nada cando non formou parte absolutamente de nada nin fixo ningunha achega de nada, non debería nin



sequera ter dereito a participar no debate deste punto precisamente porque non quixo participar na elaboración nos orzamentos. Iso é o que lle importan a vostede os veciños e as veciñas de Salceda, porque este é un documento transcendental para o futuro da vila, pero a vostedes dálles igual. O que si que teño que agradecer é a posición do BNG e sobre todo a xenerosidade do Partido Socialista. Si que foron moitas reunións, 9 co Partido Socialista, unhas cantas menos co BNG, nas que houbo negociación, nas que houbo achegamento e cesión por ambas as partes. Niso consisten as negociacións. Se ben é certo que o PSOE nesta nova etapa estableceu liñas vermellas, eu non son moito de liñas vermellas cando se senta un nunha mesa a negociar, pero as catro propostas que se puxeron sobre a mesa eu teño que referendalas nesta sesión plenaria e, por suposto, acollelas como xa vos trasladei, o mesmo que fixen co BNG.

No capítulo de persoal, simplemente, corrixir a Tano, no primeiro tramo 25-26 é certo que se lanzou a oferta de Conserxería, pero aínda non se lanzou a de técnica en Administración local. Si que acordamos 26-27, un condutor e tres operarios e, no 27-28, tres operarios e un auxiliar de Biblioteca. Polo tanto, o que dixó é correcto. En canto ao apoio condicionado a estas catro cuestións do Partido Socialista creo, xa o dicía antes Salustiano, que ninguén pon en dúbida o investimento en saneamento nestes pouco máis de dous anos, máis de 3.000.000 €; ademais, nesas reunións falamos precisamente de que esa demanda do Partido Socialista de realizar ese estudo xeral de necesidades de saneamento se podería afrontar cos 226.000 € que chegan do PERTE, vía Consorcio do Louro, e que, ademais, estabamos pensando noutras liñas de financiación para outros proxectos que están xa feitos pero sen executar, como podería ser o saneamento do Outeiro. Sen dúbida esta vai ser a lexislatura do saneamento, agora a finais de setembro principios de outubro comezan as obras de Entenza, xa está redactado o proxecto de Soutelo, hai un mes que saíu a empresa adxudicataria da redacción, pronto se licitaran as obras... En definitiva, creo que esa aposta é clara e se o Partido Socialista o que pide é ese Plan de execución do saneamento vaise cumprir con esta posibilidade de financiación de realización de proxectos e ademais do Plan director que xa existe no consorcio.

Falabamos tamén do enlace da Picoña a San Xurxo e Picoña-Santa María, se ben é certo que non hai unha partida específica na que figure o titular dese proxecto hai un capítulo de proxectos, para redacción de proxectos, que tedes o compromiso non só desta alcaldesa senón deste goberno que saíra adiante. Máis avanzado temos o da Picoña, que se mantiveron conversas con Xavier Rivas para comezar os traballos de redacción dese proxecto e agora a intención é que o faga de maneira parella a esta petición, que non trae máis que a sumar, unha proposta que suma para empezar a redacción deses dous proxectos que achegaron tanto o BNG como o Partido Socialista.

Falaban tamén dun mapa de medidas estruturais económicas, saben vostedes que hai en vigor un Plan de axuste, ademais firmado polo Partido Socialista, máis medida económica á que cingirse que a esa... dificilmente; mesmo así, hai informes trimestrais e traballaremos, precisamente como vimos facendo desde o goberno, camiñando na redución do gasto, trouxemos as cifras dos últimos REC, nas que se ve con claridade a contención do gasto que está realizando este goberno sen subir impostos, mantendo servizos e incluso aumentándoos e pondo a gratuidade en moitos deles, fundamentais, como por exemplo os campamentos de verán.



Falaban tamén de transporte, teño que recordarlles que é competencia da Xunta, ben o saben, estou segura de que os grupos de esquerda non vamos a deixar de pelexar, mentres o Partido Popular mira para outro lado, porque efectivamente saben que non están facendo o correcto e a través de presentacións do Plan de mobilidade que creamos, que realizamos desde o GR-Condado Paradanta que a Xunta ignorou completamente e que solucionaba o problema da Comarca no só de Salceda. En definitiva, seguiremos traballando e anímoos a facelo de maneira conxunta con reunións e non é a primeira vez que lles ofrezco formar parte do goberno, fíxeno no seu momento tamén co BNG que di que este documento tería que ser moito máis ambicioso, e por suposto, forme parte do Goberno, xestione, aporte e seguramente entre todos e todas conseguiremos un documento moito mellor para Salceda. En definitiva, tedes o compromiso desta alcaldesa e do seu equipo de goberno de traballar para conseguir as medidas que achegastes a este documento e que cremos que van sumar.

Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Formado o Orzamento xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2025, así como, as súas Bases de execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0023, de data 25 de xuño de 2025, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto e coñecido o contido do informe da interventora municipal, núm. 2025-0143, de data 25 de xuño de 2025.

Visto o informe da Intervención municipal núm. 2025-0145, de data 25 de xuño de 2025, de regras fiscais.

Visto que o expediente foi ditaminado desfavorablemente en data 30.06.2025.

Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Orzamento xeral deste Concello, para o exercicio económico 2025, xunto coas súas Bases de execución, anexos de débeda e investimentos, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte, deixando sen efecto as modificacións de crédito : XC 1/2025, XC 2/2025, XC 3/2025, XC 4/2025, XC 5/2025, XC 6/2025, XC 7/2025, XC 8/2025, XC 9/2025, XC 10/2025, XC 11/2025, TC 1/2025, XC 12/2025, XC 13/2025, TC 2/2025, TC 3/2025, XC 14/2025, TC 4/2025, XC 15/2025, XC 16/2025, XC 17/2025, XC 18/2025 e XC 19/2025.*

ORZAMENTO SALCEDA DE CASELAS EJERCICIO 2025



CAPÍTULOS GASTO		CAPÍTULOS INGRESO	
1.- Gastos de persoal	2.492.303,49	1.-Impostos directos	1.870.113,64
2.- Gastos en bens e servizos	3.026.765,72	2.-Impostos indirectos	50.933,15
3.- Gastos financeiros	88.170,92	3.-Taxas e outros ingresos	667.516,86
4.- Transferencias correntes	196.458,63	4.-Transferencias correntes	3.673.677,16
5.- Fondo de continxencia	-	5.-Ingresos patrimoniais	-
6.- Inversións reais	1.569.474,52	6.- Alleamento de inversións reais	-
7.- Transferencias de capital	-	7.-Transferencias de capital	1.398.836,12
8.- Activos financeiros	-	8.-Activos financeiros	-
9.- Pasivos financeiros	39.486,20	9.-Pasivos financeiros	-
TOTAL GASTOS	7.412.659,48	TOTAL INGRESOS	7.661.076,93

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios/as, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento xeral, as Bases de execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións pola persoas interesadas.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por 6 votos a favor (4 de MS e 2 do PSdeG-PSOE), 1 abstención (Grupo mixto-BNG) e 6 votos en contra (6 do PP), resultado repetido en segunda votación e dirimindo o empate o voto a favor da Presidencia, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral deste Concello, para o exercicio económico 2025, xunto coas súas Bases de execución, anexos de débeda e investimentos, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte, deixando sen efecto as modificacións de crédito : XC 1/2025, XC 2/2025, XC 3/2025, XC 4/2025, XC 5/2025, XC 6/2025, XC 7/2025, XC 8/2025, XC 9/2025, XC 10/2025, XC 11/2025, TC 1/2025, XC 12/2025, XC 13/2025, TC 2/2025, TC 3/2025, XC 14/2025, TC 4/2025, XC 15/2025, XC 16/2025, XC 17/2025, XC 18/2025 e XC 19/2025.

ORZAMENTO SALCEDA DE CASELAS EJERCICIO 2025			
CAPÍTULOS GASTO		CAPÍTULOS INGRESO	
1.- Gastos de persoal	2.492.303,49	1.-Impostos directos	1.870.113,64



2.- Gastos en bens e servizos	3.026.765,72	2.-Impostos indirectos	50.933,15
3.- Gastos financeiros	88.170,92	3.-Taxas e outros ingresos	667.516,86
4.- Transferencias correntes	196.458,63	4.-Transferencias correntes	3.673.677,16
5.- Fondo de continxencia	-	5.-Ingresos patrimoniais	-
6.- Inversións reais	1.569.474,52	6.- Alleamento de inversións reais	-
7.- Transferencias de capital	-	7.-Transferencias de capital	1.398.836,12
8.- Activos financeiros	-	8.-Activos financeiros	-
9.- Pasivos financeiros	39.486,20	9.-Pasivos financeiros	-
TOTAL GASTOS	7.412.659,48	TOTAL INGRESOS	7.661.076,93

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios/as, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento xeral, as Bases de execución e o cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polas persoas interesadas.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

Sra. Alcaldesa: Anunciarvos que xa estamos traballando, precisamente, no orzamento de 2026, non vamos a perder o tempo, Salceda ten moitas necesidades e imos seguir traballando, non vamos a contar co Partido Popular porque non negocian absolutamente nada, non lles importa nada disto, contaremos cos grupos de esquerda para traballar nese documento que será seguramente moito máis ambicioso ca este.

Expediente 1808/2025. Declaración de especial interese ou utilidade municipal da obra: Aumento do espazo dedicado á Biblioteca escolar mediante a incorporación de habitáculos anexos e habilitando unha nova saída ao exterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. González Luis: Neste punto vimos a atender a solicitude que se traslada desde o IES Pedras Rubias para dotar a obra de aumento do espazo dedicado á biblioteca escolar como unha obra de especial interese ou utilidade municipal, se esta Corporación municipal accede á petición procederíase a bonificación do 95 % da cota do ICIO, con base ao disposto na Ordenanza reguladora fiscal do ICIO do noso Concello. Estas obras consisten en facer un aumento do espazo dedicado á biblioteca escolar mediante a incorporación de habitáculos anexos e habilitando novas saídas ao exterior para o que serían precisas as seguintes intervencións: derribo dos tabiques interiores, a instalación de pavimento na zona que se vai incorporar, a reforma das instalacións eléctricas e o cambio de ventás, unha obra que tería un orzamento total de 14.640,38 €. O cálculo económico sen aplicar a bonificación sería a ingresar 782,56 € e coa bonificación de 331,20 € o que suporía un aforro de 451,35 € para o IES Pedras Rubias.



Desde o equipo de goberno consideramos que a mellora das instalacións educativas sempre será de especial interese para a nosa comunidade, e máis nun caso como este, as melloras da biblioteca do IES promoverán e facilitarán o acceso da nosa mocidade á cultura e ao pensamento crítico, ambos os dous aspectos esenciais para a mellora do benestar da nosa veciñanza.

Sra. Pérez Cabaleiro: Despois dun dos puntos que máis debates, pros, contras, xera neste salón de plenos, como son os orzamentos, quero facer unha puntualización porque sempre se nos achaca Pleno tras Pleno que, que non exista o PXOM, neste caso, actualizado no Concello de Salceda é responsabilidade do PP, cando realmente nós estamos na oposición, como ben dixestes antes desde o 2007, e o último PXOM que se debateu neste salón de plenos foi en 2016. A gran parte de edís non existían aínda, é dicir, que se non hai PXOM actualizado a responsabilidade é dos gobernos que estiveron e sobre todo cando gobernaron con maioría absoluta. Entón póñanse a traballar polo que é a ordenación do municipio de Salceda de Caselas e non nos comprometan a nós con responsabilidades que realmente non nos corresponden.

Creo que como ben defendeu a compañeira Selene, concelleira de área, é unha obra que cunha mellora dun espazo moi importante para o alumnado do IES Pedras Rubias, que cuns pequenos avances fan que se lle mellore gran medida unha aula, e que se dea, neste caso, unha comunicación co exterior e que se bonifique, neste caso, o imposto correspondente. O custo non é elevado, a obra faina un veciño de Salceda de Caselas, ou sexa, que o voto é completamente favorable por parte deste grupo.

Sra. Alcaldesa: Ti sabes quen gobernou desde 1997 ao 2007? Sabes que non había PXOM verdade? Que seguimos cunhas normas subsidiarias desa época? E ti sabes quen votou en contra no 2016 dun PXOM? E ti sabes a tramitación, os anos que leva un PXOM na súa tramitación para a súa aprobación definitiva (elaboración, exposición, tramitación definitiva...), aproximadamente 10 anos, igual algo de responsabilidade votando en contra si que tivo o teu partido, igual si.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Estamos a favor da obra.

Sr. Guerra García: É unha obra de interese xeral, está contemplada na Ordenanza de fiscalidade, totalmente a favor.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Vista da instancia presentada por 34889241N MARÍA JOSÉ ESPIÑEIRA COSTA, no nome e representación S3600027AIES PEDRAS RUBIAS, 2025-E-RE-1609 04/07/2025 09:50 solicitude de:

EXPÓN:

Que con data 03/07/2025 presenta na sede electrónica dese Concello Comunicación Previa de Obras Menores a realizar no IES Pedras Rubias, con nº de rexistro 2025-E-RE-1606.



SOLICITA:

Que a obra solicitada sexa declarada obra de interese público.

Vista providencia de Alcaldía polo que se inicia expediente de bonificación do 95 % Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, a realización de melloras no IES Pedras Rubias, polo que poden considerarse obras de clara utilidade pública por concorrer circunstancias de carácter cultural e social, pois se trata dunha obra que esta destinada, de modo prioritario ao fomento da educación, á integración social, formación, e ao desenvolvemento cultural dos habitantes do concello, e é concreción do dereito fundamental á educación tal como proclama o artigo 27.1 da Constitución española.

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2025-0287 e de Tesourería núm. 2025-0173.

*De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO. *Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras menores consistentes Aumento do espazo dedicado á Biblioteca escolar mediante a incorporación de habitáculos anexos e habilitando nova saída ao exterior incluídas no expediente núm. 1808/2025 a solicitude de María José Espiñeira Costa en representación do IES Pedras Rubias mediante escrito recibido en data 04.07.2025 (Rex. Núm. 2025-E-RE-1609).*

SEGUNDO. *Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

TERCEIRO. *Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.”*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer



circunstancias sociais e culturais ás obras menores consistentes *Aumento do espazo dedicado á Biblioteca escolar mediante a incorporación de habitáculos anexos e habilitando nova saída ao exterior* incluídas no expediente núm. 1808/2025 a solicitude de María José Espiñeira Costa en representación do IES Pedras Rubias mediante escrito recibido en data 04.07.2025 (Rex. Núm. 2025-E-RE-1609).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 890/2025. Aprobación inicial da ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Troncoso Estévez: Neste punto da Orde do día traemos o expediente 890/2025 novamente, xa veu con anterioridade ao Pleno ordinario o 3 de xullo, a aprobación inicial da Ordenanza municipal da xestión de biomasa. É unha ordenanza que vén a regular a xestión da biomasa en solo urbano e núcleo rural, competencias que son municipais e ten que elaborarse unha ordenanza para poder xestionar e poder aplicar as sancións oportunas posto que no departamento de Medio Ambiente, como todos coñecemos, sobre todo nestas últimas semanas con toda esta vaga de incendios, é cando te fas consciente da problemática de non poder xestionar o monte como debe estar xestionado e, neste caso, falamos dunha ferramenta que nos permite atacar parte do problema, non será a panacea, agora, facer unha ordenanza, non vai deixar que os montes sigan ardendo pero é unha ferramenta moi necesaria. Como dicíamos, no Pleno ordinario do 3 de xullo non saíu adiante esta ordenanza porque a oposición, e debemos de dicilo así de claro, tivo un acto, o que nos consideramos, un acto de irresponsabilidade votando en contra desta ordenanza, e non digo irresponsabilidade porque non saíse adiante esta ordenanza senón porque non houbo debate sobre o contido desta ordenanza. Aquí o que houbo foi que se intentou embarrar e demostrar a debilidade que había nese Pleno do equipo de goberno, posto uns dos socios de investidura non estaba presente e se alegou, neste caso, que nos estabamos saltando o procedemento non permitindo ese período de consulta previa, que efectivamente o recolle o regulamento, pero que á parte había un informe técnico que demostraba, e incluso incitaba, a que se saltase este procedemento, totalmente amparado na legalidade, porque ía haber un posterior período de alegacións sobre esta aprobación inicial, co cal era perder o tempo e todos consideramos que é unha ordenanza que canto antes a consigamos aprobar será bo para a xestión da masa vexetal no noso concello.

Comezamos ese período de consulta previas, o 18 de xullo tivemos unha reunión coas comunidades de montes e asociacións de veciños de Salceda, á cal non asistiron todas, só asistiron as comunidades de montes da Picoña, Santa María e Budiño, así como a Asociación de Veciños de Parderrubias; si é certo que a Comunidade de Montes de Entenza escusou a súa ausencia. É certo que era unha convocatoria que nos fixemos a través dunha canle de difusión



como WhatsApp e fixémosla exclusivamente para comunidades de montes e para asociacións de veciños, pero tamén é certo que estaba aberta a calquera outra persoa que quixese coñecer máis alá cal era o contido desta ordenanza e que, posto que partidos da oposición estaban moi a favor desta consulta previa, pois podían ter mostrado un pouco máis de interese en asistir a esta reunión.

O 24 de xullo publicouse no Taboleiro de anuncios do Concello esta apertura de prazo para estas consultas previas ou achegas previas a elaboración da ordenanza ata o 18 de agosto, é dicir, 24 días de período para estas alegacións e as alegacións que houberon foron cero, cero alegacións.

A ordenanza en si, como xa adiantei, o que pretende é regular a xestión da biomasa en terreos de solo urbano e núcleo rural, vén a complementar outras leis que traballan e velan pola prevención dos incendios como é a Lei de montes de Galicia, a de Prevención da defensa conta os incendios forestais de Galicia e o solo de Galicia, como digo, esta é para a xestión dos solos urbanos e núcleos rural que é onde temos a gran problemática no departamento de Medio Ambiente, estes expedientes que levan tantos anos que custa que os propietarios limpen, moitas veces porque o propietario é descoñecido, porque hai problemas en Catastro. Pois esta ordenanza nos permite atacar ese problema destas propiedades e o Concello facer a limpeza de maneira subsidiaria. A ordenanza en si recolle as obrigas das persoas propietarias que teñen que manter en condicións de seguridade e salubridade, a eliminación das especies pirófitas e a necesidade de podas e desbroces. Os procedementos da xestión da biomasa, como proceder e como facer proceder a aqueles propietarios que non limpan e unha parte tamén moi importante que é o réxime sancionador que se tipifican incluso multas de entre 100 a 3.000 €, segundo infraccións leves, graves ou moi graves, e sobre todo que permite a execución subsidiaria por parte do Concello daqueles terreos ou parcelas que non están limpas o cal nos axudaría a eliminar esa problemática de risco de incendio.

Como conclusión, estamos seguros de que esta ordenanza é moi necesaria para o concello, para a xestión correcta da biomasa e para poder achegar o noso gran de area nesta loita contra os incendios. Volvo repetir, este documento non vai deter os incendiarios, aquí onde hai que poñer o foco é nos incendiarios, no que planta o lume, tamén é responsabilidade daquelas persoas que non cumpren coa normativa e non limpan os seus terreos e, por suposto, para as administracións públicas, para a Xunta e para os Concellos que temos que facer o noso traballo e os veciños para iso nos elixen, para que fagamos os nosos deberes, pero cremos que esta ordenanza é moi importante e é unha ferramenta máis que nos vai axudar a unha xestión correcta da biomasa.

Sr. Rodríguez Davila: Vaia por diante no nome deste grupo maioritario da Corporación o noso recoñecemento, o noso recordo para as persoas que perderon a vida nos últimos tempos loitando contra os incendios forestais e tamén a todas as persoas, veciños que traballaron día e noite para intentar deter esta lacra que son os lumes no noso territorio e tamén no resto da nación española. Dito disto, señores do Goberno, unha vez máis intentando terxiversar, dicindo medias verdades. Señora Alcaldesa, vostede ten competencias ou non para facer e obrigar aos veciños a que desbrocen os terreos que están nas franxas dos núcleos urbanos e nos núcleos rurais? Como a señora Alcaldesa non quere contestar porque vai a quedar en evidencia se di unha cousa ou di a contraria, claro que ten competencia e ela mesma o



recoñece.

A señora Alcaldesa ten as competencias que lle dá a Lei 3/2007. Recordo que vostedes levan no goberno desde ese ano, é dicir, 18 anos vostedes, segundo vostedes super necesaria esta ordenanza, e resulta que levan vostedes 18 anos incumprindo o que vostedes mesmos acaban de dicir que é súper urxente, que a culpa é da oposición, que no último mes lles votou en contra de algo que vostedes teñen a obriga desde hai 18 anos de facer unha ordenanza municipal, lamentable. Tamén ten a competencia a través da Lei do solo de Galicia e, polo tanto, como ten a competencia, vostede mesma, señora Alcaldesa, firma decretos onde notifica a propietarios do noso Concello que teñen parcelas en solo urbano, expediente 2133/2025 solo urbano, expediente 2130/2025 solo en núcleo rural etc. Vostede ten competencias, vostede exerceas mal, e vostede chega sempre tarde, mal e a rastro, e pretende ocultar a súa incompetencia en dicir que a culpa é da oposición que non lle aproba unha ordenanza.

Mire vostede, é que ata agora ninguén obrigaba nos demais concellos aos veciños a limpar, desbrozar e manter limpas as franxas e as marxes nos núcleos rurais e urbanos? Ou é que os demais concellos que publican as súas notificacións etc., non están cumprindo a lei? Ou serán vostedes os que non a están cumprindo? E logo, claro, utilizan os medios oficiais, que pagamos todos, as redes sociais, para manipular, para falsear e para enganar aos veciños dicindo que non teñen ordenanza e que non poden facer cumprir que os veciños limpen e desbrocen, lamentable. Os decretos como lle dixen, notificacións a veciños, aquí hai unha que é do 13/02/2025 onde vostede lle notifica a un veciño dicíndolle o que ten que facer, o custo que lle vai a supoñer se non o fai, di claramente en que lei se ampara, isto é un documento público do Concello que asina a Alcaldesa; anuncios no Boletín Oficial de Galicia doutros concellos, como lle dicía, Concello de Pontecaldelas, de Carballeda de Avia etc., igual que vostede, señora Alcaldesa, e anuncio do 23 de xullo deste ano 25 no Portal do Concello, anuncio onde se pon a exposición pública, para que como nós así o consideramos, por iso votamos en contra, por iso nós nese Pleno votamos en contra, para que se lle dera a oportunidade aos colectivos veciñais e comunidades de montes, entre outras, para que puideran aportar, ver esa ordenanza antes da súa aprobación inicial, por iso votamos en contra e a vostedes non lles quedou outra que facer o que nós lle pedimos polo voto en contra, e resulta nese anuncio, di: “problemas que se pretende solucionar coa iniciativa”, “nos ámbitos que quedan fóra da Lei 3/2007 e que son competencia municipal”, efectivamente. É dicir, vostede vén recoñecendo que desde o 2007, supostamente segundo din vostedes, quedan fóra de regulación, por non ter a ordenanza, e por iso a teñen que traer agora, é dicir, 18 anos de desidia, de incompetencia e de non asumir que teñen que facer ese traballo. Polo tanto, aquí non é unha culpa concreta neste momento de Movemento Salceda que está gobernando en minoría absoluta senón que é culpa de Movemento Salceda, do Partido Socialista e do BNG, no seu momento, que gobernou este Concello desde o ano 2007. No Goberno de Salceda desde o ano 2007 ata a actualidade os tres grupos que agora mesmo están na Corporación tiveron responsabilidades de goberno e ningún deles trouxo a este Pleno a necesidade de regular e facer esta ordenanza.

Mire, señora Alcaldesa, como llo di a lei e tamén como llo di en notificacións oficiais da Xunta de Galicia, onde lle di e lle notifica denuncias de veciños que reclaman que sexan limpadas esas marxes e que lle di ben claro que corresponde ao Concello o tema da limpeza das marxes



a través do artigos 7, apartados d), e), 20.4, 21ter etc., polo tanto, señora Alcaldesa vostede ten competencias e vostede é a que non está asumindo a responsabilidade, non lle bote a culpa aos demais, póñase a traballar e deixe de manipular e sobre todo de gastar o diñeiro público de todos nós en enganar a cidadanía.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Xa que isto ten que ver co tema de incendios, recordar o enorme labor que todos os bombeiros nestas pasadas semanas e, por suposto, aos veciños que sufriron os incendios.

En canto á ordenanza, evidentemente, ao mellor xa debería estar feita, si que hai tempo que se emiten ese tipo de notificacións aos veciños. É algo que realmente si que se leva facendo, notificar cando hai terreos que non cumpren as normativas. É máis que nada unha declaración de intencións, entendemos que está ben sobre todo se non houbo ningún tipo de alegacións. O que si queremos solicitar desde este Grupo, como xa fixemos na Comisión, é que se constituíu na pasada lexislatura, que fora o compañeiro socialista Rubén Coto, responsable de Medio Ambiente, a Comisión de Medio Ambiente, na que estaban representadas comunidades de montes, traídas de auga e algunha asociación veciñal. Creo que non estaban representados os partidos políticos nese tipo de comisión e si que nos gustaría que estivesen representados, e nos gustaría que se volvесе poñer en funcionamento esa Comisión, porque hai determinados asuntos que están aquí recollidos que, tanto para particulares de maneira individual, como para comunidades de montes, son complicados de controlar, como por exemplo as especies invasoras como son as acacias, que en determinadas zonas, onda inzan, tanto como para particulares como para incluso colectivos máis grandes como poden ser unha comunidade de montes, son bastante complicados de erradicar e moitos dos métodos de erradicación non son de todo, digamos, que non cumpren todas as normativas que deberían cumprir e cremos que sería necesario que se reconstituíse ese foro para determinados asuntos que afectan ao concello en xeral debatelos máis continuamente.

Sr. Guerra García: Señor Troncoso creo lle sobran os cualificativos ás exposicións no Pleno onde se debateu isto. Vostede acaba de queixarse de que non compareceron, efectivamente, nesa reunión moitas das asociacións chamadas a comparecer, igual ten que mudar o modelo, creo que aquí debería facerse valer o positivo de que veñan as comunidades de montes ou os que puideron vir e non falar o negativo, dicindo os que estiveron para deixar constancia de quen non estivo. En todo caso, traer en pleno verán unha ordenanza sobre lumes, pois dá o que dá e eu xa dixen no seu momento de que o problema do lume non está normalmente nin nos terreos urbanos nin nos núcleos rurais, está no que rexe a Lei do solo de Galicia e outras saídas do Parlamento galego que son todo o que afecta á masa forestal deste país.

Unha vez que o Goberno local cumpriu co trámite de reunirse coas asociacións, nós imos a votar a favor; pero pediriámoslle que tamén tome nota de unha cousa, este Concello é propietario de varias parcelas repartidas por diferentes parroquias, a nós gustaríanos que se tomase en consideración, que se vexa en que estado están todas esas parcelas e que nivel de limpeza necesitan, porque a necesitan, e iso vai intrinsecamente ligado á intención de ter unha ferramenta que axude a poñer un pouco de orde en determinados lugares cando non hai limpeza.

Sr. Troncoso Estévez: Un dato do pasado ano 2024, 224 expedientes de parcelas denunciadas



das cales 143 foron resoltas en primeira instancia, o 65 % dos expedientes que se tramitan no departamento produce efecto na primeira instancia, outros, na segunda; e o problema que temos é, sobre todo, nos propietarios que son descoñecidos. Nós, señor Santiago, cumprimos coa nosa parte da lei, a nosa parte da lei é notificar, facer cumprimento da lei e logo a faixas que te dis, as faixas secundarias, son parte da xestión do Concello, pero o Concello non ten potestade sancionadora nesas faixas, é a Xunta de Galicia, e nós todos os anos lle pasamos unha relación a Xunta desas parcelas que temos que limpar que están en faixa e que a Xunta ten o servizo conveniado cos concellos a través de SEAGA, que a resposta aínda a estamos esperando a deste ano e a de o ano pasado tamén.

Nós atendemos as nosas competencias, claro que si, e de feito nós, tamén lle respondo ao portavoz do Grupo mixto, nós temos propiedades municipais, por suposto que si, e todos os anos facemos desbroces e para iso temos o Plan anual de desbroces para manter as condicións que hai que manter, camiños municipais, saídos e os aparcadoiros disuasorios neste caso, e facemos tamén o mantemento das estradas que temos bastantes quilómetros, por certo, en estradas.

En canto ao que dicía o portavoz do Partido Socialista de recuperar as comisións de Medio Ambiente, pódolche asegurar que temos contacto continuo coas comunidades de montes practicamente case todas as semanas, de feito aínda hoxe me comuniquéi con todos os presidentes das comunidades de montes por diferentes proxectos que temos, o contacto é máximo, continuo, teñen o meu contacto, o da alcaldesa e o dos meus compañeiros e estamos abertos, por suposto, creo que algo que nos caracteriza é a proximidade que temos, estamos dispostos a conversar sobre calquera iniciativa, proxecto, sexa asociación de veciños, comunidades de montes ou calquera outra asociación, non fai falta constituír unha comisión como tal cando o contacto é diario.

En canto aos problemas das especies invasoras, iso igual xa non nos corresponde tanto ao Concello, tampouco somos especialistas en xestión do monte. Ao final iso terá que ver cunhas políticas que veñan de arriba, da Xunta ou de quen deixa, quen ditamine un pouquiño a xestión que haxa que facer no monte, que creo que ten que ser bastante diferente da que é, e é certo que para iso tamén temos os axentes forestais que están facendo un traballo importante na erradicación de invasoras. Ese é o camiño a seguir.

Sr. Rodríguez Davila: Decreto asinado o 14 de agosto do ano 2025, é dicir, hai 14 días, pola señora Dolores Castiñeira Alén, señora presidenta deste Pleno. Hai 14 días vostede asinou un decreto onde di: "Considerando que os Concellos poden chegar a ser responsables subsidiarios das obrigas da xestión de biomasa vexetal no caso de estas non foran atendidas polos titulares, para tales efectos cómpre liquidar provisionalmente o custo dos traballos a executar". Mire, vostede, se se está contradicindo, está recoñecendo que vostede ten a competencia, que vostede ten notificar e vostede ten que facer cumprir a lei para que desbrocen os veciños. Mire, vostede firma o decreto o 14 de agosto, o 22 de agosto é publicado no Boletín Oficial do Estado, a mesma relación de propietarios do noso Concello, o curioso disto é que: que expedientes está publicando a señora Alcaldesa? Expediente de data de resolución o 27 de maio do ano 24, é dicir, un ano e tres meses, do 8 de xullo do ano 24, do 9 de xullo do ano 24, iso chámase xestión, axilidade, rapidez, eficacia. Incompetentes é o que son vostedes. Polo tanto non boten balóns fóra, asuman as súas responsabilidades e non culpen aos demais do



que non son responsables, señora Alcaldesa, iso é o que son vostedes.

Agora van dicir, dentro de pouco: agora como xa temos a ordenanza, ve como se limpan os terreos? Non, mire é que estes terreos se van a limpar a través da publicación de hai seis días no Boletín Oficial da Estado de expedientes que veñen de hai máis dun ano atrás, e esa é a realidade. Polo tanto, señora Alcaldesa, o que lle estou dicindo é que queda de manifesto a súa incompetencia.

E, por concluír, quero facer un par de reflexións, primeiro: a alcaldesa ten as competencias, tal como quedou demostrado no día de hoxe, a través da Lei 3/2007 e da Lei do solo de Galicia, 18 anos non facendo unha ordenanza municipal que lle correspondía ao Concello no tempo que levan gobernando neste Concello. Segundo: polo tanto, é falso o que se publicou nos medios, nas redes sociais oficiais deste Concello, que pagamos todos, se dixo por parte dos concelleiros a veciños que preguntaban ao respecto e da propia alcaldesa. Terceiro: votamos en contra no seu momento, tal e como se pode ver e escoitar no vídeo do Pleno, para darlle voz e participación, antes de aprobar inicialmente esta ordenanza aos colectivos, concretamente e sobre todo, ás asociacións veciñais e ás comunidades de montes. Cuarto: tardaron vostedes, como dixen, 18 anos en traer a este Pleno esta ordenanza. Quinto: fagan os procesos por orde e terán o apoio deste Grupo, non intenten ir polo camiño máis curto e, sobre todo, vostedes mesmos se volven retratar, están agora mesmo en procedemento da redacción da Ordenanza de residuos e agora si que empezaron abrindo a participación aos veciños. Sexto: a todos os veciños non lle compren os titulares e as manipulacións deste goberno e vaian ao fondo da cuestión, son expertos en manipular. Sétimo: agora que si xa se lle deu voz e oportunidade aos colectivos, comunidade de montes, como dixen antes, este Grupo votará a favor desta Ordenanza, que foi o único que pediu naquel Pleno.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Non cuestiono a comunicación do Goberno coas comunidades de montes porque un dos que recibo as mensaxes son eu, e son consciente, pero non é o mesmo unha comunicación a cada comunidade montes (sexan todas xuntas ou cada unha individual) que ter un organismo que axude a crear un tipo de prioridades, de políticas, ou ao mellor axudar e facer fincapé nas que menos recursos teñen. En canto á política forestal hai cousas que poderíamos facer desde aquí.

Sr. Guerra García: Só lembrarlle ao señor Troncoso que se a relación coas entidades é como el a fala, todo aquel proceso do ano 21 de constituír comisións coas asociacións do Concello e demais queda automaticamente anulado. Unha cousa é a relación directa que se poida ter para efectivizar, executar ou para discutir nalgún momento, algunha situación e outra cousa son esas comisións nas que se trataba de implicar o tecido asociativo en diferentes ámbitos municipais para dar voz e para dar debate. Iso, señor Troncoso, non é substituíble coa relación súa directa cos presidentes ou presidentas das comunidades de montes.

Sr. Troncoso Estévez: Xa que o señor Santiago Rodríguez Davila fai tantas referencias á Lei de prevención de incendios, o artigo 6 di: "As competencias da Comunidade Autónoma, corresponde á Xunta de Galicia, interesantes a d) programar e executar actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais; e) establecer as medidas de prevención e loita contra os incendios forestais que sexa necesario adoptar tanto pola Administración como polos particulares e asegurar o seu cumprimento; j) Proceder a execución subsidiaria ou



directa dos traballos preventivos nos termos establecidos nesta lei”; que non se está a cumprir. Creo que o debate está diluíndose por onde non ten que ir, aquí o que estamos traendo é a aprobación inicial desta ordenanza que tivo que vir por segunda vez porque na primeira non houbo ningunha achega, nin houbo debate no punto, houbo dúas comisións, non se achegou nada, este é o segundo Pleno no que se trae esta ordenanza e houbo tamén a xuntanza que tivemos. Achegas ao documento cero, ou está moi ben esta ordenanza ou non importa que non creo que sexa o caso.

Por suposto, Salustiano, que nós dámoslle voz, voto e traemos debate de calquera proxecto ou de calquera tema que queiran ter tanto as comunidade de montes, asociacións de veciños ou calquera asociación. Iso non vai por aí o tema, aínda que teñamos contacto telefónico non quere dicir que non lle deamos nin voz nin voto ás asociacións, nin moito menos.

Sra. Alcadesa: Xa comprobades o nivel de nerviosismo dalgunhas persoas. É normal que se estea nervioso cando non se teñen argumentos para ter votado no seu momento en contra, certo que a posición do BNG tampouco foi a mellor con esa abstención pero o PP votou en contra da aprobación inicial desta ordenanza. Votou en contra, ademais, sen analizar o documento, sen debater o documento, sen achegar absolutamente nada ao documento. O único que lle interesaba nese momento era evidenciar que o goberno estaba só, que era un goberno de 4 persoas no que os dous compañeiros do PSOE non estaban, e que estou segura, ademais, de que por sentido común levarían adiante a aprobación desta ordenanza. Pretendían que eses documentos máis importantes, que eran o orzamento e a aprobación de esta ordenanza, que é moi importante porque amplía precisamente a nosa capacidade de manobrar, pois só pretendía iso, facer visible que o goberno estaba en minoría. Deulles igual o importante que era aprobar esta ordenanza para a veciñanza, iso deulles absolutamente igual, de feito deulles tan igual que despois de votar en contra dicindo que faltaba ese período de aportación, cando se abriu esa quenda, primeiro, a reunión cos colectivos o 18 de xullo na que apareceron comunidades de montes e asociacións veciñais e ningún representante político dos que votara en contra, e despois, o PP nesa quenda do 24/07 ao 18/8 non aportou absolutamente nada. Iso era o que lle importaba e polo que quería votar en contra da ordenanza, nada tiña que ver con iso, era evidenciar a situación do goberno e non preocuparse por unha situación que ademais estamos vendo cal é o resultado: o noso país quéimase, as nosas parroquias se queiman e nós temos que facer todo o traballo e aportar esas ferramentas.

O señor Santiago Davila tamén dixo que este goberno tiña que traballar e aportar ferramentas. Voulle dicir eu cales foron: no 2024, xa llo dixo o concelleiro Marcos Troncoso, de 224, 143 resoltas, o 65 %, somos bastante máis ambiciosos. Por certo, creamos o posto de técnica de Medio Ambiente que xestiona estes expedientes, iso non se llos ocorreu nunca a vostedes supoño que non era prioritario. A Patrulla Verde, grazas a Protección Civil, á Policía Local e aos colectivos veciñais vixíanse os montes, por certo, animo ás comunidades de montes a que participen tamén de maneira activa nesta vixilancia, que despois de reunirmos hoxe co axente forestal de distrito cre que é fundamental. Ademais diso, o Plan anual de desbroces polas estradas, polos saídos municipais que se realizan dúas veces ao ano, adquisicións, recentemente, de batelumes para Protección Civil, a Ordenanza de biomasa, esa que tomaron vostedes. E, como nin eu nin Marcos somos persoal técnico que elaboramos a ordenanza, voulles explicar, concretamente a ler, para que serve esta ordenanza porque sacou



un *batiburrillo* de concellos e de notificacións que efectivamente esta alcaldesa fai, porque si, a nosa competencia pode notificar pero o non podemos é responder subsidiariamente e actuar, era o que non podíamos facer e con esta ordenanza si o permitía, e vostedes sábena perfectamente; pero xa que non acreditan na Alcaldesa vouldes dicir o que di a ordenanza e que manifesta a técnica: “A Ordenanza de xestión de biomasa e plantacións forestais vén a reforzar a propia Lei do solo, e axilizar a tramitación e resolución dos expedientes relacionados, acúrtanse os tempos, polo tanto, a Ordenanza ten como finalidade cubrir a necesidade normativa da xestión da biomasa nos ámbitos que quedan fóra da Lei 3/2007”, esa ordenanza que xa existía, e que dicía Santiago Davila, que tiñamos que ter traído xa. Eu recórdolle, primeiro, o tremendo esforzo da concellería de Medio Ambiente, a través deste concelleiro, que leva exactamente dous anos e escasos meses traballando nun tema sumamente importante. Iso é un dos apartados, os problemas que se pretenden solucionar con esta iniciativa, que foi o único que leu el.

Obxectivos da norma: “O obxecto da ordenanza é a regulación da xestión da biomasa nos terreos de solo urbano e núcleo rural no termo municipal do Concello de Salceda de Caselas por non estar definidos na Lei 3/2007”. Precisamente como non estaban definidos se crea esta ordenanza para definilos. Este é o motivo da creación desta ordenanza, as ferramentas coas que traballamos e nas que levamos dedicado un montón de tempo e sabedes que son obxectivas porque están aí, entre a creación do posto, a Patrulla Verde, un recurso máis, a limpeza de pozas en todas e en cada unha das nosas parroquias para que haxa abastecemento de auga, algo que foi fundamental na Picoña porque estaban dúas pozas, unha delas coidada pola veciñanza e outra que se colaborou xunto cos veciños da Picoña no mantemento desa poza, que foron moi importantes na extinción do fogo. Por que insiste vostede en dicir que esta Ordenanza non pretende solucionar o que nos estamos a dicir? Non minta, dino os informes técnicos, dio a propia ordenanza. Eu non vin que en ningún dos nosos comunicados vostede rebatera ningunha das informacións que mostramos, non rebateu absolutamente nada.

Este era un paso moi importante que hai máis dun mes que se tiña que dar. Tráese aquí un traballo que fixo este equipo de goberno, si efectivamente, e tróuxose e vostedes votaron contra. Sei que estes días foron duros moi duros, vivir na Picoña o que se viviu e o que se esta vivindo no país é duro e a crítica da veciñanza é dura. Nós damos os nosos argumentos. Non somos perfectos, quédanos moitísimo por facer, pero estas son as cifras e estas son as ferramentas de traballo deste goberno e aquí quen votou en contra desa aprobación inicial da ordenanza, que é fundamental, e que efectivamente, como anticipou o señor Santiago Rodríguez Davila, pronto se verá o efecto desta ordenanza porque se van a empezar a limpar franxas, el di que non, que iso xa viña dado que somos nos que somos uns aproveitados, ocasionalmente pasabamos por aquí e aprobamos a ordenanza e agora casualmente nos vamos a ver beneficiados.

Creo que hai que facer un exercicio de responsabilidade ante algo tan serio e, sobre todo, creo que hai que ser, incluso, autocríticos; porque Marcos leulle algunhas das competencias da Xunta, eu non lle quero ler toda a restrita e ver onde falla a Xunta. Necesítanse medidas estruturais, necesítase confiar no rural. Claro, como di un compañeiro meu que lle encantaría vivir no rural, non se pode deixar o rural sen pediatras e que teñan que ir a 100 km, non se pode deixar o rural sen transporte, non se pode deixar o rural sen servizos porque ninguén



quere vivir no rural; e se non se vive no rural o monte non se coida. Por certo, canto leva gobernado o PP na Xunta? Medidas estruturais? Medidas doutras ideas para o monte? Para que sexa rendible? Non, iso non está previsto. Creo que deberían ser un pouquiño máis autocríticos, nós sómolo e somos esixentes, pero con nós mesmos. Síntoo moito, non traten de enmerdar o debate, confundir a veciñanza, cando cometeron un grave erro votando na aprobación desa ordenanza inicial, foi un tremendo erro e recoñézano.

Dou lectura da proposta de acordo seguinte:

“Vista a necesidade de proceder á aprobación dunha nova ordenanza municipal co obxecto de regular a xestión da biomasa nos terreos de solo urbano e núcleo rural, no termo municipal do Concello de Salceda de Caselas por non estar definidos na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Visto que se efectuou o trámite de consulta pública previa establecida no artigo 133.1 LPAC e que non consta que se presentaran suxestións ou opinións ao respecto.

Visto que polo departamento de Urbanismo/Medio Ambiente se procedeu á redacción da nova ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais.**

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0021 sobre o procedemento e a lexislación aplicable. Visto o informe favorable núm. 2025-0030 da técnica de Medio Ambiente e ordenación do territorio.

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais.

SEGUNDO. Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais.



SEGUNDO. Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Expediente 2132/2025. Aprobación de proxecto de obra denominado “Reforma parque Raíña Aragonta”	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcadesa: Creo todos e todas coñecedes o parque Raíña Aragonta, máis alá da polémica que hai detrás del e que aínda seguimos pagando unha débeda pola expropiación incorrecta dese parque. Un parque creado en 2008, reformado integramente en 2015, estamos en 2025, toca esa renovación. É un parque de máis de 6.000 m² que, conxuntamente cos outros parques que temos na vila, necesita melloras e necesita mantemento. Moitas veces xuntamos neste salón de plenos os nenos de infantil que veñen a visitarnos, e de primaria, e cando se lles pregunta cales son as súas demandas, porque nos gusta escoitalos, máis dunha vez falan da renovación dese parque que é moi usado polos nosos nenos e nenas, que temos a gran fortuna de ter nesta vila. Son moitos os parques que, ademais, están espallados por toda a vila e todas as parroquias, son moitos deles os que teñen que sufrir melloras e vamos facéndoas, ademais, paulatinamente; pero agora críamos, despois de eses dez anos, e coa cantidade de nenos e nenas que van a ese parque, tocáballe ao Raíña Aragonta. Somos a vila da infancia e polo tanto hai que coidar esas demandas da nosa rapazada. Unha obra dun conxunto modular na zona de xogos, que se substituirán todos os elementos que hai agora mesmo por un único elemento, unha única plataforma dunhas dimensións de 131 m² que vai requirir cimentación, vai necesitar pavimentación, céspede, caucho e ese elemento de xogo único que vai substituír os que están agora e que estamos seguros que, ademais, vai de ser do agrado de todos os nenos e nenas. Un proxecto valorado de 48.351,68 € e que pronto será levado a cabo. Conta coa financiación do Máis Provincia 2025, que xa foi aprobado, e traemos o proxecto precisamente para a súa aprobación nesta sesión plenaria.

Sr. Lorenzo Rodríguez: O noso Grupo recoñece que a reforma do parque Raíña Aragonta é unha actuación necesaria e positiva para mellorar unha espazo público moi utilizado pola nosa veciñanza. Un dos parques máis concorridos do noso Concello, sobre todo polos máis mozos e cativos que require actualizarse. Actualizarse nun lugar máis atractivo e funcional, un parque con novas e modernas zonas de xogo e sobre todo, que é o máis importante, zonas de xogo seguras. Somos coñecedores e cabe recordar o accidente ocorrido no dito parque o 12 de febreiro de 2022, onde unha moza, veciña deste Concello, sufriu a rotura da tibia da súa perna esquerda e que a día de hoxe presenta secuelas. Somos coñecedores de todo o que viviu esta familia buscando responsabilidades durante estes tres últimos anos. Un accidente provocado por unha negligencia, unha negligencia en seguridade, onde á altura do *columpio* da cesta non cumpría coa normativa vixente en materia de altura, unha negligencia pola cal o Concello deberá responder cunha indemnización, unha indemnización que pasa a segundo plano xa que



o principal é o estado físico da moza. Como xa manifestamos en máis dunha ocasión, para o noso Grupo a seguridade é unha prioridade e o mellor que podemos facer para evitar calquera accidente desta índole é a prevención, de aí que instamos a que se leve a cabo un calendario de revisións en materia de seguridade de todos os parques e zonas lúdicas e de lecer e entretemento de todo o Concello. Volvo a repetir, para nós a seguridade é prioritaria.

Por outro lado, estamos ante unha aprobación dun proxecto de reforma onde non se tivo en conta a opinión do grupo maioritario desta Corporación, descoñezo se tiveron en conta ao restos dos grupos aquí presentes. Así como nos gustaría que se tivese promovido a participación veciñal de asociacións e usuarios no deseño da dita reforma, un proceso de aportacións aberto a todos e que axudase a complementar e garantir que a actuación responde realmente ás súas necesidades. Como xa dixen, unha reforma necesaria onde votamos de menos un proxecto máis ambicioso, no cal incluíse unha reforma integral de todo o parque, tal e como xa propuxo o noso Grupo, unha reforma necesaria polo que o noso voto vai ser favorable.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Que a reforma do parque Aragonta non supoña tamén esquecerse doutros parques, tanto os que están na zona urbana coma os que están nas parroquias, independentemente de que algún sexan de titularidade privada, sexa Comunidade de Montes, sexa Asociación de Veciños porque aínda que sexan de titularidade privada non deixan de facer unha función pública, polo tanto entendemos que para os efectos prácticos son públicos. Evidentemente todo o que sexa mellorar considerámolo positivo, pero ter en conta iso e a seguridade tamén nesos outros parques.

Sr. Guerra García: Todo o que sexa para as *crianzas* benvido sexa. Nós o que lle pedimos ao Goberno local é que teña en conta elementos novidosos para os parques infantís, que non se esqueza de que nas parroquias, eu creo que non son parques privados, outra cousa é que as comunidades de montes cedan o espazo, pero ao final son parques públicos e son de toda a veciñanza; que non se esqueza, sempre que poida, de ir mellorando os parques nas parroquias porque sabemos que a zona urbana loce moito pero nas parroquias os nenos e nenas no son menos.

Sra. Alcaldesa: Para nada son menos, ao contrario, eu son de parroquia e ía ao parque do Borralliño. De feito, estou de acordo, creo que non hai que por atender unha cousa desatender outra, son exactamente 13 parques os que hai nas parroquias, hai dous parques en Soutelo (Madorro e Borralliño), hai dous parques en San Xurxo (Centro Cultural e a unitaria), hai tres parques na Picoña (A Arrotea, Centro Cultural e Rubal); hai dous en Entenza (no barrio do Torrón e no Centro Cultural); un en Budiño (no Centro Cultural), outro na Feira (no Centro Cultural) e outro no Barreiro (no Centro Cultural) e outro en Parderrubias (no Centro Cultural), un total de 13, que sumados aos cinco do centro son 18. Somos 36 km² sae que cada 2 km² hai un parque, eu creo que en poucos sitios hai con máis parques que Salceda. Eu creo que, polas revisións periódicas, precisamente, que se fan e podeades velas nesas revisións de facturas que facedes cando vedes a listaxe de gasto do Concello, a inversión que se fai en cada un de eses parques, e xa vos digo que maioritariamente é precisamente nas parroquias e, efectivamente, moitos deses parques están en titularidade da Comunidade de Montes, polo tanto deberían ser xestionadas por elas. Se ben é certo que entendemos que ten un interese público para a parroquia, polo tanto o Concello asume ese mantemento, reparación e incluso substitución que se levan feito non só nos parques senón en moitas das unitarias que hai polos colexios.



Creo que atender unha cousa non significa desatender o demais, ao contrario, os 18 parques, se non é así trasladádello a esta alcaldesa ou a concelleira de Educación, teñen que estar todos en perfecto estado. Se non é así nolo facedes saber.

Creo que este cambio era necesario, precisamente porque a cantidade de nenos que usan ese espazo é moito maior que noutras localizacións, sendo necesario o coidado de todas. Faime grazas o que di o PP, Ivan, seguro que se investiram máis no parque diríades que era un *despilfarro* que tiña que ir para saneamento ou para outra cousa, porque sei que nunca ides estar contentos. Alégrome, en todo caso, alégrome de que votedes a favor deste proxecto e tamén me fai moita grazas que neste proxecto non contamos con vós, neste si queredes participar, no dos orzamentos non, neste si que queredes participar pero nas propostas da Ordenanza de biomasa non, igual hai que participar un pouco en todo. En todo caso, alégrome moito de que vaidades apoiar o punto. É unha necesidade, un elemento moderno, que precisamente nos preocupaba, como ben dicías, a seguridade. No 2022 ese malogrado accidente, esa situación, eu desde logo creo que non foi xestionada correctamente, de feito unha vez estivemos na Alcaldía tratamos de solucionar ou dalgún xeito darlle resposta a toda esa situación. De verdade é lamentable, estas cousas pasan, pero eu creo que aquí o que prima, sobre todo, é unha boa xestión e darlle resposta á veciñanza no caso de que estas cousas sucedan, que foi o que intentamos facer nós. Creo que os nenos e nenas de Salceda van estar moi contentos e cando nos vexan ao equipo de Goberno, pero sobre todo a Selene e a min, que é a quen nos demandan o cambio no parque, estarán orgullosos, contentos de que toda a Corporación apoie este proxecto.

Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Visto o proxecto de obra denominado “Reforma parque Raiña Aragonta”, redactado polo arquitecto José Díaz de la Iglesia, asinado en data 28.05.2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.351,60€ (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 8.391,60 € e o presuposto sen IVE a 39.960,00 €.

Visto o disposto informe técnico favorable núm. 2025-0213.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0028 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas. Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con relación á Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obra denominado “Reforma parque Raiña Aragonta”,



redactado polo arquitecto José Díaz de la Iglesia, asinado en data 28.05.2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.351,60 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 8.391,60 € e o presuposto sen IVE a 39.960,00 €, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obra denominado “Reforma parque Raiña Aragonta”, redactado polo arquitecto José Díaz de la Iglesia, asinado en data 28.05.2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.351,60 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 8.391,60 € e o presuposto sen IVE a 39.960,00 €, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 2134/2025. Ratificación do apartado primeiro da Resolución núm. 2025-0388 de aprobación de "Proxecto de execución de adaptación de accesos ao pavillón municipal"	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcadesa: Este proxecto creo que tamén é unha demanda histórica, se antes falabamos do parque Raiña Aragonta, que a primeira estrutura do parque foi no 2008, estamos falando que esta entrada leva neste estado con pequenos parches de reparación desde o 1975. Ese espazo asegúrovos que, ademais da colocación da carpa para a protección dos nenos e nenas ao saír do autobús, poucos cambios tivo. Ten un pavimento deteriorado, ten múltiples obstáculos, ten bordos, ten zapatas de cimentación que axudaron a suxeitar esa carpa, ten escaleiras, un espazo moi pouco accesible. Creo que todos e todas seguro que pasastes por alí máis dunha vez, pasan centos de nenos e nenas a diario, ben sexa para o CEP Altamira ben sexa para o pavillón e o obxectivo que tiñamos era eliminar eses os obstáculos existentes facendo un pavimento moito máis uniforme, continuo e, ademais, implementándolle a recollida de augas que alí campa ás súas anchas cando é un sitio tan habitual e de paso. Non é só estética, é, sobre todo, accesibilidade e mellora das recollidas, canalización de servizos e a recollida de augas. Un importe de 57.736,95 €, a coordinación sempre cos clubs deportivos mais coa dirección do CEP Altamira. Calculamos que a obra comece entre outubro e novembro. Temos xa a financiación aprobada para ela a través do Máis Provincia 2025 e, por unha cuestión de prazos, fíxose a solicitude e faise necesario traer a ratificación dese apartado primeiro a esta sesión plenaria.



Sr. Rodríguez Davila: Este é outro procedemento ao revés, como dixo a Alcaldesa, primeiro se aproba e logo se trae a Pleno para que se ratifique, *lo tomas o lo dejas*, así é o que pasa, vamos indo entrapando as cousas, vamos mellorando cousas, outras empeorando e ao final vamos parcheando como se pode cuestións que tiñan que ser, desde o noso punto de vista integral, proxectos moitos máis ambiciosos en todos os sentidos. Iso non quere dicir que se teña que facer todo de golpe e nunha mesma anualidade etc. Xa o estamos vendo estes días no asfaltado ao redor do IES, nós levabamos outro tipo de proxecto, non se tivo en conta e ao final o que se fixo foi asfaltar. Moi ben. Está mellor, loxicamente, estamos todos de acordo en mellorar o asfaltado, faltaría máis, pero se queda aí, e *hasta ahí hemos llegado y a otro cuento mariposa* e deixamos as cousas a medias, como outras cuestións. Estoume acordando da reforma de ampliación na estrada da Picoña, anos despois houbo que volver a asfaltala, en Budiño, a que vai ao Borralliño etc., vamos *chapuceando* por aí deixando as cousas ao medio facer e ao final pasa o que pasa.

Nesta cuestión, loxicamente, como se vai a mellorar a accesibilidade a esa zona do pavillón e tamén ao acceso lateral ao Altamira nós vamos a estar a favor e vamos a apoiar, independentemente de, como se ten dito en moitas ocasións, de facelo doutro xeito ou doutra maneira ou parecido ou mellorable. Polo tanto, como é o que vén a Pleno, como é o que hai que votar, pois, loxicamente *o lo tomas o lo dejas*.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Apoiamos a mellora.

Sr. Guerra García: Sendo unha obra que tamén atinxe os colexios, lamentar simplemente que a Consellería de Educación non sexa máis sensible a este tipo de necesidades.

Sra. Alcaldesa: Vamos apañados, Tano, levamos non sei cantos anos agardando a que tomen medidas para a mellora de temperatura da CRA Raíña Aragonta, levamos agardando non sei canto tempo para que cubran a solicitude de patio cuberto que demandan as ANPAS no CEP Altamira, en fin. Efectivamente tiña que ser algo asumido por Educación, pero non pasa nada, nós cremos que esta obra é necesaria e que ademais vai redundar na calidade de vida de todos os nenos e nenas e de todas as persoas que pasen por aquel espazo, precisamente porque se crea a accesibilidade.

Alégreme de que esteades de acordo, o que di Santi dalgún xeito é a súa opinión, eu o que si quero dicir é que non se trae o proxecto para forzar a votar. Para nada, este proxecto nace, nós tiñamos destinado, dentro do Máis Provincia, un capítulo importante de investimento ao saneamento de Entenza para ir facéndoo por tramos. No momento en que sae o Plan Extraordinario evidentemente envorcamos todo o noso esforzo de traballo e decidimos que esta financiación ten que ser para o saneamento de Entenza e esa partida que tiñamos reservada, tiñamos proxectos, non ocorrencias para nada, agardando a financiación e ao acabarse o prazo porque a resolución do Plan Extraordinario foi moi tarde, menos mal que como sempre tiñamos os deberes feitos e decidimos que esta era unha obra importante e reformulouse, por certo, o proxecto que estaba do 2021 ou do 2022 presentouse e foi aprobado. Evidentemente para presentalo en tempo e forma ten que haber un decreto de aprobación, por iso primeiro se aproba e logo se trae a ratificación, xa me gustaría a min ter prazo suficiente, cousa que a Xunta non dá, para pasalo primeiro por Pleno e logo ser enviado,



por iso moitas veces se trae a Pleno a ratificación dese decreto, porque os prazos da Xunta non dan e evidentemente nós estamos aquí para xestionar e non para perder oportunidades. Envíase, solicítase e, como nestas dúas ocasións, foron aprobadas.

VOTACIÓN: O Pleno, por unanimidade de votos a favor, acorda a ratificación do apartado primeiro da Resolución núm. 2025-0388 de aprobación de "Proxecto de execución de adaptación de accesos ao pavillón municipal" que literalmente di:

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado "PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ADAPTACIÓN DE ACCESOS AO PAVILLÓN MUNICIPAL", polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Martín Piñeiro Fernández, de data 31.03.2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 55.100,44 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 9.562,89 € e o presuposto sen IVE a 45.537,55 €. Ascendendo os honorarios de proxecto, dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde a un total de 2.636,51 €.

(...)

Expediente 1121/2025. Dación de conta dos informes de Tesourería s/período medio de pago e morosidade do 1º trimestre de 2025	
Favorable	

Resolución:

Dada conta dos informes de Tesourería correspondentes ao 1º trimestre 2025: relativos ao período medio de pago e morosidade, o Pleno municipal queda informado.

Expediente 1955/2025. Dación de conta dos informes de Tesourería s/período medio de pago e morosidade do 2º trimestre de 2025	
Favorable	

Resolución:

Dada conta dos informes de Tesourería correspondentes ao 2º trimestre 2025: relativos ao período medio de pago e morosidade, o Pleno municipal queda informado.

Expediente 1138/2025. Dación de conta da execución trimestral - Primeiro trimestre 2025	
Favorable	

Resolución:

Dada conta do informe de Intervención núm. 2025-0078 relativo á execución do primeiro Trimestre de 2025, o Pleno municipal queda informado.

Expediente 1168/2025. Dación de conta do informe de intervención s/ resumen anual control interno 2024	
Favorable	

Resolución:

Dada conta do informe de Intervención núm. 2025-0079 relativo aos resultados do control interno do Concello no exercicio de 2024, o Pleno municipal queda informado.



B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos desde o núm. 2025-0852 de 30 de xuño ata o núm. 2025-1049 de 22 de agosto

Dada conta dos decretos desde o núm. 2025-0852 do 30 de xuño ata o núm. 2025-1049 de 22 de agosto, o Pleno municipal queda informado.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila: O rogo que lle fago é que o Goberno traballe nun Plan integral de melloras e de previsión, tanto material como persoal, seguridade etc., que atinxa á Policía Local, que de todos é sabido a situación actual da nosa Policía Local, dos medios, da falta de persoal, do que vai a suceder dentro duns anos, e polo tanto, lle pido con tempo e formalmente nun Pleno que fagan un plan que abarque todas esas índoles que lle acabo de manifestar.

Sr. Rodríguez Davila: Que deixen de utilizar, xa o fixemos fai tempo e llo volvo solicitar, as dependencias municipais, os fondos públicos de todos os salcedáns, para auto-propaganda do Goberno para cuestións que nada teñen que ver coa xestión municipal do día a día. É triste e lamentable ver o que está a suceder nas redes sociais oficias do Concello que pagamos todos, facendo autobombo, facendo incluso cuestións que nada teñen que ver coa vida pública e municipal. Rógolle, por segunda vez, que deixen de utilizar os fondos dos veciños para cuestións de autopropaganda e de política que non é política seria e rigorosa.

Sr. Fernández Pérez: Limpeza de pedras caídas na estrada, na estrada de acceso á Revolta, número 60, en Parderrubias, concretamente no treito entre a casa de Moisés e o fillo de Marcial, producíronse recentemente caídas de pedras sobre a vía, o que supón un serio risco para a circulación de vehículos e peóns; obstaculiza o tránsito normal e seguro, pode provocar accidente ou danos nos vehículos. Por todo isto solicitamos que o Concello proceda á retirada e limpeza das pedras caídas canto antes, así como a revisión do estado do noiro (ou *taludes*) se fose necesario para evitar novas caídas.

Sra. Alcaldesa: Coa urbanización do espazo do IES Pedras Rubias, aproveitando que estaba a maquinaria, e vendo o teu rogo que metiches por Rexistro antes desta sesión plenaria, aproveitamos e achegámonos á Revolta para ver se, xa que tiñamos a maquinaria alí, se se podía retirar. Non o tocamos nin o vamos a tocar, porque tocalo implicaría seguramente o derrube do muro. Non só dese muro senón tamén do que hai a continuación de pastas. O que se fixo foi emitir unha providencia por parte da Alcaldía, informe da Policía Local do estado dese muro, da perigosidade e, ademais, teño que dicir, que a biomasa desas parcelas tamén está sen xestionar, polo tanto fíxose informe policial que foi remitido ás persoas propietarias para que reparen, porque eles teñen a obriga son quen suxeita a terra, de reparar eses muros. Nós íamos, precisamente, a solucionar o problema viario, a retirar esa terra e esas pedras, pero aconsellados polos técnicos dixéronnos que non o tocamos porque o perigo de



derrube é importante, por iso se actuou con rapidez emitindo esa providencia.

Sr. Fernández Pérez: Arranxo dunha fochanca na estrada de Fontán ao Galiñeiro. Por medio do presente desexo poñer en coñecemento do Concello que existe unha fochanca na estrada Fontán – Galiñeiro que supón un serio risco para a seguridade viaria, esta fochanca afecta negativamente a circulación de vehículos podendo provocar danos materiais ou accidentes polo desnivel que nos atopamos na marxe contraría. Solicitase a revisión urxente do firme e realización das actuacións necesarias para a súa reparación.

Sra. Alcaldesa: Recollemos o rogo.

Sr. Guerra García: Que convoque unha Xunta de portavoces para debater a posibilidade de regular o uso das redes sociais do Concello para que non sexa un escaparate de publicidade non encuberta, á vista da aparición desde a distancia dunha veciña cun negocio na vila, con outros sete ou oito da mesma actividade, que realmente non entendemos, é impresentable.

Sra. Alcaldesa: Evidentemente o Goberno é quen decide como xestionar as súas redes sociais, téñoos ben claro, tamén me parece curioso que coincida neste punto co PP, creo que non deben seguir as redes sociais dos diferentes grupos políticos de diferentes cores políticas. A xestión das redes evidentemente competen ao Goberno e á nosa forma de xestionar, eu fágoo participe sempre de que entre no goberno e desde dentro tratemos de mudar aquilo e tratemos de chegar a puntos de entendemento, pero esta acusación que fai eu non a entendo. Aquí o que se trata sempre é de fomentar o comercio local, sempre, sexan membros da Asociación ACISA, sexa por outros motivos, o que se pretende é mostrar ao mundo ese dinamismo de Salceda e a fortuna que ten Salceda de ter un comercio local activo. Realmente non sei a que caso se refire, xa nolo comentará, e veremos segundo vostede que erro se cometeu e se foi así tratara de emendarse; pero desde logo eu non son consciente de que cometeramos ningún erro en canto á publicidade de ninguén.

PREGUNTAS:

Sr. Lorenzo Rodríguez: Con data de 27 de febreiro deste mesmo ano aprobamos a Ordenanza municipal de circulación. Á parte do que nos observamos no día a día, estannos chegando queixas de veciños e veciñas sobre o uso que fan cos seus patinetes diferentes usuarios: circulación por beirarrúas, en rúas por sentido contrario, dous mozos circulando no mesmo patinete, ausencia de casco... Nestes momentos somos conscientes e coñecedores da falta de medios que ten a nosa Policía Local e tamén na situación na que están traballando. Destacamos: ausencias os fins de semana e, como é neste caso, un policía único en horario nocturno. A pregunta é cando se vai a proceder a facer cumprir a dita ordenanza? Xa que de nada sirve que a aprobemos se ao final non se poñen os medios para levala acabo.

Sr. Rodríguez Canosa: Desde a Xefatura da Policía Local xa se elaborou un resumo da ordenanza para pasarlle aos axentes para que coñeceran, sobre todo, estas novidades, pero evidentemente a Policía non ten vinte mil ollos, non pode estar en todas as rúas de Salceda e desgraciadamente tamén hai xente que aparca en dobre fila, que aparca en zona azul, tamén



hai xente que aparca nos vaos, evidentemente non é omnipresente, por desgraza.

Sr. Lorenzo Rodríguez: O que digo é eu o outro día indo para o Charango baixaron dous pola beirarrúa que me tiven que apartar, despois se pasa calquera accidente, calquera desgraza entón lamentámonos, é o que transmito.

Sr. Rodríguez Canosa: Coincido plenamente contigo.

Sr. Rodríguez Davila: Desde o ano 2018 hai un convenio asinado desde o Concello con SEAGA, a FEGAMP e a Consellería e queremos saber o motivo do porqué non se solicitou desde ese ano a execución da limpeza das faixas secundarias das que debatemos antes, e só se empezou a solicitar desde o ano 23. E tamén, na mesma pregunta, por que non se solicitaron este ano as árbores frondosas que gratuitamente se podían ter entregado aos propietarios para que plantasen en substitución de árbores pirófitas?

Sra. Alcaldesa: O que sei e desde o 2023 o noso convenio está ao día, máis alá do 2023 non tiñamos a responsabilidade de Medio Ambiente.

Sr. Rodríguez Davila: Vostede é Alcaldesa desde o ano 2019-2022, recórdolle, polo tanto unha vez máis queda retratada do incumprimento da súa obriga.

Sr. Rodríguez Davila: Están as parcelas, terreos dos núcleos rurais e urbanos delimitadas no Plan municipal de prevención de incendios, si ou non?

Sra. Alcaldesa: O que si sei é que temos Plan de prevención de incendios, cousa que moitos Concellos non teñen, Salceda si que o ten. Iso podo consultarlle e respóndolles no vindeiro Pleno ou por escrito, sen problema. Non me sei o Plan de memoria.

Sr. Troncoso Estévez: Están delimitadas porque ese é un traballo que fixo a Xunta como nos explicou hoxe o xefe de distrito.

Sr. Rodríguez Davila: Si están delimitadas xa o din os decretos que firma a Sra. Alcaldesa. O último o 22 de agosto deste ano, de hai seis días, dio claramente. Iso ben a dicir e a contradicir o que vostedes defendían hai horas atrás dicindo que a ordenanza que acabamos de aprobar lle vai a posibilitar, agora si, actuar nesas parcelas porque antes non estaban delimitadas, falso.

Sr. Troncoso Estévez: Non ten nada que ver son dúas cousas diferentes, unha cousa son as faixas de xestión, as faixas secundarias que é o que rodean aos núcleos rurais e outra cousa é unha ordenanza que fai a xestionar a xestión da biomasa en núcleo rural e en solo urbano, son dúas cousas moi diferentes.

Sr. Gregorio Vaqueiro: En canto ás escolas unitarias das parroquias, pechou a de Soutelo o ano pasado, pechou a de Parderrubias hai tempo... Cal é a situación das restantes, mantéñense? Hai perigo de que peche algunha?

Sra. González Luis: O caso de Parderrubias é un caso singular porque tiña dúas unitarias a



mesma parroquia, a pesar de que era das parroquias máis grandes iso era unha ultrafortuna que tiñamos e agora pechou unha, pero loitando para que a que queda se manteña. É certo que o ensino no rural, falábao antes Loli, é difícil, a falta de servizos, de aula madrugada, de comedor, somos conscientes de que dificulta a conciliación para as familias. A situación é complicada, hai que ser honestos. O mantemento, as melloras nas unitarias por parte do Concello, estase facendo con todo o que podemos. Este ano, por exemplo, reparáronse todos aqueles elementos de xogo dos patios e incorporáronse tres elementos máis, en Budiño, e na Picoña, en Fontán (Parderrubias), pero eu creo que temos que ser todos e todas críticos: é moi difícil garantir que ao longo dos anos non se vaian pechar as escolas do rural, é duro tamén porque creo firmemente que o modelo do ensino no rural é o mellor. Vai por tempadas, hai tempadas que escolas de parroquias como neste caso a de Barreiro, a de San Xurxo contan cun número moi bo de nenos e cun número de nenos que teñan traxectoria, que non están a piques de cumprir os seis anos e de finalizar a súa etapa. Hai outras parroquias que non, como pode ser o exemplo de Budiño, de Parderrubias.

Animo as familias a que aposten polo modelo de ensino rural, creo que é fundamental que os nenos pequenos e nenas aprendan dos maiores, creo que é fundamental que os maiores se sintan na responsabilidade de apoiar os pequenos. Son consciente da miña responsabilidade como concelleira, non só no mantemento das instalacións senón tamén na posible creación de servizos que faciliten que as nais e pais que queiran matricular os seus fillos nestas escolas poidan, porque moitos queren pero non poden conciliar. Pero creo que aquí tamén hai que esixirlle moito á Consellería, se queren apostar polo rural teñen que ofrecer servizos, senón é imposible. Non podemos culpar a Administración local de todo nin podemos culpar as familias de todo, creo que aquí neste caso a Xunta tamén ten que dar un paso á fronte e facer outro tipo de apostas, sendo consciente da responsabilidade que como concelleira teño e na que teño que seguir traballando. Creo que polas risas o señor Santiago non está de acordo, non sei que ten de ilóxico que a Administración local ten responsabilidade, as familias teñen responsabilidade e a Xunta de Galicia ten responsabilidade. Creo que a vostede gustaríalle quitarlle a da Xunta de Galicia pero tena, tena porque os elixiron e están aí, témola todos e cada un ten que asumir a súa, e eu asumo a miña. Agora estou contestándolle a Xurxo que é quen mostrou esta preocupación, vostede mostra outras como que non somos serios utilizando as redes sociais. Debe ser máis serio dicirlle á alcaldesa, nunha sesión plenaria, que o sorriso nesta ocasión non lle queda ben, iso seguro que é máis serio.

Sr. Gregorio Vaqueiro: O ano pasado, ao final de curso, afundiuse o chan do comedor escolar. A información que temos é que adiantou os cartos o colexio e que a Consellería quedou de facer unha obra en compensación, sabemos algo disto?

Sra. González Luis: Seguimos esperando, ao igual que seguimos esperando a que se arranxen os problemas das altas temperaturas do CRA, seguimos esperando a que os nenos e nenas do CEP Altamira os días de chuvia poidan saír ao patio porque non teñen un patio cuberto, seguimos esperando a que a metade dos nenos da sede do CRA poidan saír ao patio nos días de chuvia porque no patio cuberto que hai non entran todos, seguimos esperando a maior dotación de WC para o comedor escolar, que provoca problemas de enureses con nenos que non teñen totalmente adquirido o control de esfínteres e que non aguantan a espera para os baños porque hai dous baños en cada estancia; seguimos esperando a que eses contedores provisionais desaparezan, seguimos esperando moitas cousas. Agardo que o compromiso da



Xunta coa educación de Salceda, demostrado por exemplo no IES Pedras Rubias, o cal lle agradecemos, se dea tamén na educación infantil e tamén na educación primaria.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Como vai o mapeamento de bocas de augas nas parroquias?

Sr. Troncoso Estévez: O que fixemos foi un mapeamento, a colación co tema dos incendios, un mapeamento de todas as balsas de auga de todas as parroquias, as que nós temos en coñecemento. É certo que mantivemos algunhas reunións con algunha asociación de veciños que nos están indicando outras balsas que hai que nós non as temos recollidas, de feito temos o mapa que me parece que o publicamos nas redes sociais, que serven para este tipo de cousas, creo que facemos un bo uso das nosas redes sociais, e por suposto desde aquí animamos a todas as asociacións de veciños a que se hai algunha outra infraestrutura (sexan bocas de rego, balsas que nos descoñecemos ou non estean nese mapa) que nolo fagan saber e ampliaremos este mapeamento, por suposto. Creo que é unha ferramenta bastante útil, de feito hoxe na reunión que tivemos co xefe de distrito indicámoslle que tiñamos este mapa e quedaron sorprendidos e incluso dixeron se llo podíamos facilitar porque a eles tamén lles podía facilitar moito o seu labor e podían complementar o mapa que teñan eles co noso.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Fálase do Plan de limpeza de estradas, en que situación está iso?

Sr. Troncoso Estévez: Como dixo a alcaldesa hai, dentro do Plan anual de desbroces, hai dúas pasadas polas parroquias, dúas pasadas que unha é polas estradas de titularidade municipal e logo tamén atendemos coa brigada de intervención rápida aquelas outras propiedades municipais como poden ser saídos, parques, aparcadoiros ou aquelas zonas en que hai máis concorrencia de xente e necesitan un maior mantemento. Neste momento están realizando os desbroces das unitarias, porque comeza o cole e ten que estar todo ben preparado e ben limpo, e cando acaben continuarán o Plan anual de desbroces, que se non me equivoco, deixárono en Entenza e continuarán en Entenza.

Sr. Guerra García: Cando se vai a dar cumprimento aos dous acordos plenarios, o das prazas de rotación intensiva e as prazas de mobilidade reducida na contorna do parque da Gándara.

Sr. Rodríguez Canosa: Nas vindeiras semanas vanse facendo os traballos pouco a pouco.

Sra. Alcaldesa: Comezaron no cruce de Rosalía con Rafael Tilve, nese cambio de dirección, mais toda a parte de Rosalía de Castro. Se ben é certo que a empresa non podía darlle continuidade aos traballos e retomará esa tarefa en breve.

Sr. Guerra García: Desde cando non se analizan as augas das fontes das parroquias que non dependen de traídas?

Sr. Troncoso Estévez: A análise das fontes das augas faise periodicamente. É certo que este ano non fixemos unha analítica completa de todas as fontes pero si estamos facendo analíticas naquelas fontes onde hai maior consumo de auga e que as propias asociacións e comunidades nolo piden; como, por exemplo, a Carballeira da Laxe que había un problema de contaminación nesa fonte e fixemos unhas analíticas e agora tamén nos pediron desde A



Picoña. É certo que calquera veciño ou asociación que nos queira facer chegar algunhas fontes que necesiten saber se son potables ou non, porque tamén é certo que que fagas unha analítica nun momento dado non quere dicir que a semana seguinte a auga vaia a estar contaminada ou non. Por iso que se se desconfía que pode haber algunha contaminación si estamos facendo esas analíticas, pero pódese facer unha analítica completa, penso que si, pero non é definitivo non se pode dicir que a auga sexa potable porque nunha analítica de hai tres meses que dera apto para o consumo.

Sra. Alcaldesa: O que di Marcos é que hai que facer certa pedagogía, analizar unha fonte non dá garantía sanitaria, ti analizas a fonte e hoxe está ben e maña está mal. Pasounos coa do Coto e coa da Laxe que o ano anterior estaba ben e análizala e dá mal e ao día seguinte pode estar ben outra vez e pode estar mal, ou sexa, a garantía sanitaria hai que collela con pinzas: facer unha análise non che dá garantía sanitaria, por iso se está actuando de maneira puntual, cando detectan que hai algún problema coa auga chámannos e análízase.

Sr. González Luis: Para o señor Salustiano, non entendín moi ben ao que se refería ao uso das redes sociais para o comercio, pero como a pregunta foi ambigua a miña resposta vai ser ambigua. Creo que é un tema moi polémico e que pode xurdir moito debate e de feito xera moito debate interno, entre os propios concelleiros, dámoslle bastantes voltas porque afortunadamente unha das riquezas que ten Salceda é o seu comercio local. Son case 80 locais asociados, por exemplo, á Asociación de ACISA, e hai outros moitos que non están asociados, a Asociación de Comerciantes da Tabernanova. É unha sorte, nos tempos que corren coa venda en liña que hai, con esas grandes casas comerciais.

Moitas veces, cando queremos promocionar o comercio local, entramos nun debate de como o facemos, se o personificamos, se non o personificamos, se a quen sacamos, se non o sacamos; se nos cinguimos a apoiar as campañas comerciais que fan as asociacións ou se tomamos nós a propia iniciativa de crear esas campañas. Non queremos moitas veces facelo por medo a que lle parece mal a quen non aparece, pero outras veces tamén nós dá pena de que non se lle dea visibilidade que deberían ter e o mérito que ten o pequeno comercio por medo a non saber esperar. Desde que vostede fixo ese rogo ocorréronseme diferentes publicacións que eu creo que promoven o comercio local do noso Concello. A campaña do “Rasca e gaña”, nese vídeo saíron sobre seis locais diferentes, a campaña do “Pincho Folk”, que se anunciará agora, na que saíran 16 locais; un vídeo que se fixo o día da muller rural onde saíu un local de carnicería, o Programa “Salceda en forma”, que se anunciará o luns con catro ximnacios da vila, con vídeos individuais de cada un deles, compartiuse unha noticia que saíu nunha importante revista nacional dun local de repostería deste Concello, campañas xerais que se foron facendo pouco a pouco, que eu recordo tres publicacións onde saíu directamente unha tenda de roupa, unha mercería, un centro de estética e un comercio de repostería co nome e claramente visible o espazo, o concurso de escaparates, onde saen mencionados todos os locais, unha campaña que fixemos para promocionar os centros de fisioterapia. Faltan moitos, claro que si, hai moitos establecementos que merecen saír aí, que as súas propietarias ou propietarios merecen que se lles poña cara, que saía o nome. Pero pouco a pouco. Eu levo dous anos, pouco a pouco. Encantaríame que todos os establecementos comerciais puidesen saír, un comercio san, que a xente do local aposte por un produto de proximidade.



Recalcar que o comercio de Salceda é un comercio profesional, de calidade. Si, dá un pouco de pena cando saen uns e non saen outros, pero confiade, queremos que saian todos. E, tamén, promocionar uns está promocionando o comercio en xeral, ti podes consumir ou non nese local pero é importante que a cidadanía sexa consciente da riqueza e da profesionalidade que hai en Salceda. A xente de Salceda traballa e traballa ben e eu creo que esta Corporación ten que estar sumamente orgullosa e apostar por darlle a publicidade que se merecen que non lle damos toda a que se merecen, pero estamos traballando niso.

Sra. Alcaldesa: Animarvos, queda un mes de setembro intenso, algunhas das actividades as recordaba Selene e un outono tamén intenso en canto a actividades. A primeira delas a Festa do Callos á que vos convido a todos e todas, será este 7 de setembro, o domingo todos na praza do Concello a degustar o noso prato máis popular; pero é que despois chega o “Pincho Folk”, o “Salceda en forma”, o “Caselas comedia”, o que non quere divertirse ou pasalo ben en Salceda non ten escusa. Desfrutade de Salceda do seu comercio e da súa hostalaría. Aínda que non estean todos, os que están son bos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

